

IES SAN CLEMENTE

DEPARTAMENTO DE
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO ACADÉMICO 2019/20

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E MARCO LEGISLATIVO.7

Localización e historia do IES San Clemente.....	7
Marco legislativo.....	8
ÁMBITO DE COMUNICACIÓN MÓDULO I ESAD.....	9
Introdución e contextualización.....	9
Contexto educativo.....	9
Marco legislativo.....	9
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	10
Relación de estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	11
Estudo coordinado das linguas oficiais.....	12
Lingua estranxeira: inglés.....	17
Obxectivos para o curso.....	21
Concreción da temporalización, do grao mínimo de consecución para superar a materia e dos procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe avaliábel....	23
Estudo coordinado das linguas oficiais.....	24
Concrecións metodolóxicas.....	40
Materiais e recursos didácticos.....	41
Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	41
Instrumentos de avaliación.....	41
Criterios de avaliación.....	42
Estudo coordinado das linguas oficiais.....	42
Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar.....	42
Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir.....	43
Bloque 3: Funcionamento da lingua.....	43
Bloque 4: Lingua e sociedade.....	44
Bloque 5: Educación literaria.....	45
Lingua estranxeira: inglés.....	45
Bloque 1: Comprensión oral.....	45
Bloque 2: Expresión oral.....	47
Bloque 3: Comprensión escrita.....	48
Bloque 4: Expresión escrita.....	49
Criterios de cualificación e promoción do alumnado.....	50
Lecturas obrigatorias.....	50
Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	51
Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	52

Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	52
Medidas de atención á diversidade.....	52
Concreción dos elementos transversais.....	53
Actividades complementarias e extraescolares.....	53
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	54
Incorporación das modificacións propostas na memoria do curso anterior.....	54
ÁMBITO DE COMUNICACIÓN MÓDULO II ESAD.....	55
Introdución e contextualización.....	55
Contexto educativo.....	55
Marco lexislativo.....	55
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	56
Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	57
Estudo coordinado das linguas oficiais.....	58
Lingua estranxeira: inglés.....	63
Obxectivos para o curso.....	67
Concreción da temporalización, o grao de consecución para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe avaliábel....	68
Estudo coordinado das linguas oficiais.....	69
Lingua estranxeira: inglés.....	75
Concrecións metodolóxicas.....	80
Materiais e recursos didácticos.....	81
Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	82
Instrumentos de avaliación.....	82
Criterios de avaliación.....	82
Estudo coordinado das linguas oficiais.....	82
Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar.....	82
Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir.....	83
Bloque 3: Funcionamento da lingua.....	84
Bloque 4: Lingua e sociedade.....	85
Bloque 5: Educación literaria.....	85
Lingua estranxeira: inglés.....	86
Bloque 1: Comprensión oral.....	86
Bloque 2: Expresión oral.....	87
Bloque 3: Comprensión escrita.....	88
Bloque 4: Expresión escrita.....	89
Criterios de cualificación e promoción do alumnado.....	89
Lecturas obrigatorias.....	90

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	91
Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	92
Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	92
Medidas de atención á diversidade.....	92
Concreción dos elementos transversais.....	92
Actividades complementarias e extraescolares.....	93
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	93
Incorporación das modificacións propostas na memoria do curso anterior.....	94
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I 1º DE BACHARELATO.....	95
Contexto educativo.....	95
Marco lexislativo.....	95
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	96
Relación de estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	97
Competencia en comunicación lingüística [CCL].....	97
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía [CMCCT].....	100
Competencia dixital [CD].....	100
Aprender a aprender [CAA].....	101
Competencias sociais e cívicas [CSC].....	102
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor [CSIEE].....	103
Conciencia e expresións culturais [CCEC].....	103
Concreción dos obxectivos para o curso.....	104
Obxectivos xerais da etapa de bacharelato.....	104
Obxectivos concretos da materia de Lingua castelá e literatura I.....	105
Concreción da temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación para os estándares de aprendizaxe avaliábeis.	106
Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	113
Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.....	114
Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	115
Criterios de avaliación curriculares.....	115
Criterios de avaliación, cualificación e promoción.....	117
Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	119
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	120
Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios na materia.....	120
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	120
Medidas de atención á diversidade.....	121


Concreción dos elementos transversais.....	121
Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento.....	122
Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	122
LITERATURA UNIVERSAL 1º DE BACHARELATO.....	123
Introdución e contextualización.....	123
Contexto educativo.....	123
Marco legislativo.....	123
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.....	124
Competencia en comunicación lingüística [CCL].....	125
Competencia dixital [CD].....	126
Aprender a aprender [CAA].....	127
Competencias sociais e cívicas [CSC].....	128
Conciencia e expresións culturais [CCEC].....	129
Concreción dos obxectivos para o curso.....	130
Obxectivos xerais da etapa de bacharelato.....	130
Obxectivos concretos da materia de Literatura Universal.....	131
Concrecións para os estándares de aprendizaxe avaliáveis de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.....	132
Temporalización, procedementos e instrumentos de avaliación.....	132
Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	135
Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	136
Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.....	137
Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	138
Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	140
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas.....	141
Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios na materia.....	141
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	141
Medidas de atención á diversidade.....	141
Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.....	142
Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento.....	142
Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	142
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II 2º DE BACHARELATO.....	144
Introdución e contextualización.....	144
Contexto educativo.....	144

Marco lexislativo.....	144
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	145
Concreción dos obxectivos para o curso.....	146
Obxectivos xerais da etapa.....	146
Obxectivos concretos da materia.....	147
Concreción da temporalización e do grao mínimo de consecución para superar a materia para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	148
Primeira avaliación.....	148
Segunda avaliación.....	155
Terceira avaliación.....	161
Procedementos e instrumentos de avaliación.....	168
Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	169
Materiais e recursos didácticos.....	170
Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	171
Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	172
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	173
Organización dos procedementos que permiten acreditar os coñecementos necesarios na materia de Lingua castelá e literatura II.....	174
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas susceptible de adoptarse en función dos resultados.....	174
Medidas de atención á diversidade.....	174
Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.....	174
Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento.....	174
Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	175
Normas para a realización dos exames de todas as materias correspondentes a este departamento.....	175

INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E MARCO LEXISLATIVO

Localización e historia do IES San Clemente

O Instituto de Educación Secundaria San Clemente está situado no centro histórico da cidade de Santiago de Compostela. A localización estratéxica da urbe facilita o acceso desde diferentes puntos da Comunidade Autónoma de Galicia. A distancia desde A Coruña é de 57 quilómetros, 50 desde Pontevedra, 95 desde Ferrol, 107 desde Lugo, 110 desde Ourense e 92 desde Vigo, o cal contribúe a un frecuente contacto do alumnado co centro, a pesar do réxime semipresencial e a distancia dalgunhas das ensinanzas ofertadas.



IES San Clemente
www.iessanclemente.net/o-centro/localizacion/

Tal e como se recolle na web do centro, a historia do IES remóntase ao ano 1948, cando unha viúva compostelá doa uns terreos situados no campo de San Clemente á Igrexa, coa finalidade de que neles se constrúe un centro para acoller os nenos pobres da cidade e proporcionarlles uns coñecementos profesionais que lles permitisen no futuro desempeñar un oficio. A doazón realizouse por motivos píos e a Igrexa tutelou o desenvolvemento das obras de edificación. Aínda que o edificio puido estar rematado antes, as súas actividades docentes non comezaron ata o ano 1953.

A historia mostra que o centro sempre estivo vinculado a ensinanzas profesionais: foi escola de traballo, escola de artes, escola de mestría industrial, centro de formación profesional; non foi ata a última década do século XX cando, coa reforma educativa formulada na LOXSE, pasou a denominarse IES e, xa no século XXI, introducíronse as ensinanzas non estritamente profesionais: educación secundaria de adultos e bacharelato nas modalidades non presenciais.

O edificio forma parte, estrutural e arquitectonicamente, do conxunto histórico da cidade. Está distribuído en tres plantas e un soto; conta con seis aulas de informática, cinco aulas para ESA e Bacharelato de adultos, unha sala de usos múltiples (vídeo, conferencias, etc.), un laboratorio, unha biblioteca e outras dependencias dedicadas a administración e servizos.

O centro sempre foi de titularidade pública e así continúa. Depende, polo tanto, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

Marco lexislativo

A situación lexislativa actual ten como marco básico no ámbito estatal a **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación; e no ámbito autonómico, a **Lei 9/1992**, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos, e o **Decreto 88/1999**, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros.

O desenvolvemento normativo do currículo recóllese a nivel estatal no **Real decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, e a nivel autonómico no **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa básica, engádese outra que a complementa: a **Orde ECD/65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato; a **Orde do 26 de abril de 2007** pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia; a **Orde do 20 de marzo de 2018** pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia; a **Circular 4/2019** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2019/20, e a **Circular 5/2019** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das ensinanzas de bacharelato para as persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos IES e centros EPA autorizados para impartilas no curso 2019/20.

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN

MÓDULO I ESAD

Introdución e contextualización

A presente programación é unha proposta didáctica para a materia de Ámbito de Comunicación do primeiro curso de Educación Secundaria de Adultos a Distancia (ESAD), tendo en conta as especiais características tanto da educación das persoas adultas como da modalidade a distancia.

Contexto educativo

Estas dúas circunstancias -ensino de adultos e modalidade a distancia- veñen determinar grandemente o proceso de ensino e aprendizaxe deseñado para esta materia. Se a educación das persoas adultas ten a consideración de ensinanza de segunda oportunidade conducente ó título, a modalidade a distancia esixe do alumnado o rápido desenvolvemento da Competencia de Aprender a Aprender, xa que o material vai estar dispoñible na plataforma dixital do IES San Clemente (<http://aulavirtual.iessanclemente.net/aulavirtual.aspx>) co obxectivo de que se vaian traballando os contidos propostos segundo a temporalización establecida.

As vantaxes deste tipo de ensino non presencial (que supera os límites espaciais e temporais que constrinxen ás ensinanzas da modalidade presencial ordinaria) complementáanse coas titorías presenciais e multimedia, as cales pretenden servir de apoio constante ao alumnado ao longo de todo o curso, de xeito que, axudado polo profesorado titor, poida acadar unha avaliación positiva.

A plataforma virtual será a mesma que o pasado curso académico, polo que este entorno non debería supoñer ningunha dificultade na planificación da materia. O alumnado de nova incorporación atopará un espazo intuitivo e especialmente visual, mentres que aqueles e aquelas discentes que se reincorporen este curso xa estarán familiarizados co seu funcionamento.

Marco legislativo

O currículo está recollido a nivel estatal no **Real decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e a nivel autonómico na nosa Comunidade no **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade

Autónoma de Galicia. De xeito específico, o desenvolvemento curricular propio da nosa materia guíase por unha orde propia, a **Orde do 20 de marzo de 2018** pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa básica de obrigado cumprimento engádese outra que a complementa: a **Orde ECD/65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, e a **Circular 4/2019**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2019/20.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

As competencias clave serven de marco de referencia para unha aprendizaxe activa e significativa ao longo de toda a vida das e dos discentes. Segundo a Orde que establece o currículo, procederase a concretar a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia, conformando os seus perfís competenciais, xa que a presente programación didáctica pretende contribuír ao desenvolvemento de todas e cada unha das competencias clave indicadas no currículo, pois é nese senso no que entendémos o “saber facer” que se define no modelo competencial establecido pola Unión Europea, que inclúe:

- Comunicación lingüística. (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)
- Competencia dixital. (CD)
- Aprender a aprender.(CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

Estas competencias relaciónanse cos estándares de aprendizaxe avaliábeis e, a partir destes, cos obxectivos xerais de etapa, os contidos, os criterios de avaliación, e o grao mínimo de consecución recollidos na táboa correspondente do apartado dedicado ás concrecións para os

estándares de aprendizaxe avaliábelos nesta programación, á temporalización, ao grao mínimo de consecución para superar a materia e aos procedementos e instrumentos de avaliación.

En calquera caso, cómpre anotar que a nosa materia, debido ás súas características e á meta última de desenvolver unha competencia en comunicación lingüística, ten esta competencia como prioritaria. Nesa liña, tendo en conta a organización en ámbito da materia, que abrangue de xeito integrado e global o estudo das dúas linguas oficiais e dunha lingua estranxeira, se traballará a vertente instrumental e funcional da lingua. Así, privilexiaremos o uso correcto da lingua e a comprensión de textos de carácter diverso.

Paralelamente, ese ámbito da construción de coñecementos, así como o desenvolvemento das capacidades para seleccionar e procesar a información requirida para o traballo na aula virtual, axudarán a desenvolver a competencia de aprender a aprender. Tamén se inclúe este aspecto como desenvolvemento dunha competencia metalingüística e metacognitiva, incidindo na necesaria capacidade para aprender a aprender unha lingua.

Todo o argumentado contribúe tamén á competencia relacionada co sentido de iniciativa e espírito emprendedor, aprendendo a resolver problemas e a trazar novos plans de estudo, con decisións importantes e transferibles a outros ámbitos.

Por outra banda, dadas as especiais características do noso centro, a competencia referente ao tratamento da información é a competencia dixital, así como as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, ao ter que empregar a aula virtual como ferramenta imprescindible no marco dun ensino a distancia e ser capaces de procesar toda a información presente nela empregando medios e formatos diversos, trabállanse acotío.

Asemade, as competencias sociais e cívicas trátanse mediante esa plataforma no uso de recursos diversos e con contidos transversais en textos e outros materiais que garantan o desenvolvemento desa necesaria competencia. Do mesmo xeito, nas aulas presenciais isto terá unha repercusión especial.

Nos mesmos textos e demais materiais asociados a estes, como os múltiples temas musicais ou as pezas teatrais vinculadas á expresión literaria, a competencia relativa á conciencia e expresións culturais resulta imprescindible, como se verá ao longo da nosa programación.

Relación de estándares de aprendizaxe avaliábelos da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Recóllense a continuación os estándares de aprendizaxe avaliábelos da materia que forman parte dos perfís competenciais segundo o bloque ao que pertencen, para así dar cumprida

conta da contribución ao desenvolvemento das competencias claves que vai aportar o primeiro módulo do ámbito de comunicación da ESAD:

Estudo coordinado das linguas oficiais

Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar

B1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación.

B1.1.2. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais da vida cotiá.

B1.1.3. Extrae a intención comunicativa dos textos orais e escritos do ámbito académico, seguindo as instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe, con progresiva autonomía.

B1.2.1. Identifica e extrae as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita.

B1.3.1. Identifica e selecciona as ideas principais e secundarias dun texto.

B1.4.1. Expón con claridade e orde temas relacionados coa actividade académica ou con noticias.

B1.4.2. Utiliza no proceso diversos medios de rexistro de información (táboas, gráficos, esquemas ...)

B1.5.1. Busca e selecciona información relevante procedente de distintas fontes: audiovisuais e dixitais.

B1.6.1. Valora e, de forma progresiva, desenvolve unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas.

B1.7.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, reconece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.

B1.7.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.

B1.8.1. Participa activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos.

B1.8.2. Fai preguntas e comentarios pertinentes ante as intervencións dos demais.

B1.8.3. Respecta a quenda de palabra e usa as formas de cortesía.

B1.8.4. Respecta os argumentos dos demais, contrasta esa información e toma decisións.

B1.9.1. Reconece a intencionalidade do/-a emisor/-a a partir dos elementos contextuais.

B1.10.1. Identifica expresións habituais que evidencian calquera tipo de discriminación.

- B1.10.2. Evita o uso de calquera expresión discriminatoria.
- B1.11.1. Usa a lingua galega nos diferentes ámbitos de comunicación.
- B1.11.2. Participa en actividades de transmisión e creación da cultura galega.
- B1.11.3. Ten unha actitude positiva ante o uso da lingua galega en calquera situación.
- B1.12.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais.
- B1.12.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal, manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con confianza e seguridade.
- B1.12.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.
- B1.12.4. Incorpora progresivamente palabras do nivel formal ás súas producións orais.
- B1.12.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.
- B1.12.6. Recoñece e avalía erros (progresión na argumentación, pobreza léxica e castelanismos).
- B1.13.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.
- B1.13.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.
- B1.12.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir

- B2.1.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.
- B2.1.2. Comprende e interpreta textos dos medios de comunicación.
- B2.2.1. Comprende e interpreta textos narrativos.
- B2.2.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe narrativa.
- B2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos (a noticia).
- B2.3.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe xornalística.
- B2.4.1. Comprende, interpreta anuncios publicitarios.
- B2.4.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe publicitaria.
- B2.5.1. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas.

B2.6.1. Analiza o contido de textos escritos, segundo as pautas indicadas.

B2.6.2. Fai esquemas coas ideas principais e secundarias.

B2.6.3. Sintetiza o contido de textos escritos.

B2.6.4. Integra no resumo as ideas ou informacións do texto co apoio dun esquema previo.

B2.7.1. Utiliza estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto.

B2.8.1. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: busca e desenvolve ideas, organizaas e fai un esbozo.

B2.8.2. Utiliza esquemas ou outros recursos similares para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.

B2.8.3. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo requira a situación comunicativa.

B2.8.4. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas:

conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e do sintagma verbal.

B2.8.5. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).

B2.8.6. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: corríxeo (conforme ás normas ortográficas, morfosintácticas e tipográficas), reelabora o texto e prepara a redacción definitiva.

B2.9.1. Busca palabras en dicionarios (sinónimos, antónimos, fraseoloxía...) en papel ou dixitais.

B2.10.1. Utiliza, con progresiva autonomía, o OPAC das bibliotecas.

B2.10.2. Busca información para ampliar e completar o contido da súa investigación a través de distintos recursos: revistas, artigos, enciclopedias e motores de busca especializados de internet.

B2.11.1. Produce textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais (notas, cartas, avisos, mensaxes) en formato papel ou dixital.

B2.12.1. Produce textos, en formato papel ou dixital, propios da vida académica.

B2.13.1. Produce textos xornalísticos (noticias), a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.

- B2.14.1. Produce textos narrativos, en formato papel ou dixital.
- B2.15.1. Usa, con progresiva autonomía, as TIC para planificar, revisar e mellorar o texto.
- B2.16.1. Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico.
- B2.16.2. Presenta os traballos con limpeza e claridade.
- B2.16.3. O traballo presenta: índice, presentación ou introdución, desenvolvemento, conclusión e bibliografía.
- B2.17.1. Valora a escrita como fonte de coñecemento académico e experiencial.
- B2.18.1. Valora positivamente a produción escrita en lingua galega.
- B2.18.2. Produce textos en lingua galega fóra do ámbito académico.
- B2.19.1. Recoñece a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito.
- B2.20.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias.
- B2.21.1. Valora a lingua como o grande medio de comprensión e participación da/na historia colectiva e individual

Bloque 3: Funcionamento da lingua

- B3.1.1. Coñece as características da linguaxe oral e escrita.
- B3.2.1. Coñece as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.
- B3.3.1. Recoñece, explica e usa os elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais.
- B3.4.1. Constrúe, con progresiva independencia, textos escritos que se adecúen aos rexistros informal ou académico, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe.
- B3.5.1. Recoñece o sistema vocálico e consonántico da lingua galega.
- B3.5.2. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.
- B3.6.1. Recoñece o parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito.
- B3.7.1. Recoñece e usa as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas).
- B3.7.2. Recoñece e aplica as normas de uso do B/V.
- B3.7.3. Recoñece e aplica as normas de uso do H.
- B3.8.1. Recoñece e aplica as normas da separación en sílabas da palabra.

B3.8.2. Recoñece ditongos, tritongos e hiatos.

B3.9.1. Usa, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.

B3.10.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (substantivo, adxectivos, determinantes e pronome persoal) nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros.

B3.11.1. Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado, utiliza este coñecemento para corrixir erros.

B3.12.1. Coñece e usa unha terminoloxía básica.

B3.13.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación..

B3.14.1. Recoñece e utiliza as modalidades asertiva, interrogativa, exclamativa, desiderativa, dubitativa e imperativa en relación coa intención comunicativa do emisor.

B3.15.1. Recoñece e usa correctamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.

Bloque 4: Lingua e sociedade

B4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura.

B4.2.1. Coñece as linguas que se falan no mundo, en Europa e na Península Ibérica e valora esta diversidade lingüística de riqueza inconmensurable.

B4.3.1. Coñece as linguas que se falan en España.

B4.4.1. Coñece os trazos evolutivos do galego-portugués desde o medievo até a actualidade.

B4.4.2. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.

B4.5.1. Coñece e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir da análise dos ámbitos que a rodean.

B4.6.1. Analiza a súa práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e colectivamente á normalización da lingua galega.

Bloque 5: Educación literaria

B5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector.

B5.1.2. Expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada aos seus gustos.

B5.1.3. Relaciona o sentido da obra coa propia experiencia e con outros coñecementos adquiridos.

B5.1.4. Asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.

B5.2.1. Le contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa cultura.

B5.2.2. Recoñece os elementos básicos do relato literario e a súa función.

B5.3.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis salientables.

B5.4.1. Describe e caracteriza os trazos definatorios básicos do cómic como linguaxe artística.

B5.4.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definatorios.

B5.5.1. Diferencia os grandes xéneros literarios e recoñece as súas características a partir da lectura.

B5.6.1. Valora a literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural.

B5.7.1. Produce, previa planificación, textos con intención literaria.

B5.8.1. Coñece e usa as estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura.

B5.9.1. Fai audicións de poemas recitados ou cantados.

B5.10.1. Utiliza, con progresiva independencia, todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais.

B5.11.1. Recoñece o valor da lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo.

B5.12.1. Goza coa lectura de textos literarios.

Lingua estranxeira: inglés

Bloque 1: Comprensión oral

B1.1.1. Aplica as estratexias de escoita activa para a comprensión (global ou específica) das mensaxes recibidas, sen necesidade de entender todos os elementos das mesmas.

B1.2.1. Comprende mensaxes orais breves e instrucións relacionadas coa actividade de aula.

B1.2.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios ou datas nunha estación ou nuns grandes almacéns).

B1.2.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos, saúdos e presentacións).

B1.2.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (saúdos e presentacións, diálogos en lugares públicos: oficinas de información, comercios, restaurantes, farmacias e hospitais, estacións ou aeroportos).

B1.2.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre a súa contorna persoal: a familia, os amigos, o traballo, o tempo libre, a descrición de obxectos e lugares.

B1.2.6 Comprende as ideas principais de presentacións e proxectos (en formato papel ou dixital) sinxelos e ben estruturados sobre temas familiares ou do seu interese (lecer, familia, fogar, deporte, etc.) e sobre aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira, a condición de que contén con imaxes e ilustracións e se fale de xeito lento e claro.

B1.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

B1.4.1. Identifica un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel e dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes orais directas ou recibidas mediante formato electrónico.

B1.5.1. Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.

B1.6.1. Recoñece un vocabulario oral básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

B1.7.1. Identifica patróns fonéticos e de entoación moi básicos e evidentes que axudan a entender o sentido xeral da mensaxe.

Bloque 2: Expresión oral

B2.1.1. Emprega estratexias de comunicación básicas para producir textos orais breves e para participar en conversas, amosando interese e comprensión e empregando estratexias de compensación para suplir as carencias na lingua estranxeira.

B2.2.1. Realiza presentacións e proxectos breves e sinxelos, previamente preparados e ensaiados, de acordo cun guión sinxelo e con apoio visual (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar outras persoas; dar información básica sobre si mesmo/a, a súa familia, o seu traballo, a súa vida académica e o seu contorno; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir

brevemente e de xeito sinxelo a súa casa, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa ou dun obxecto; presentar un tema que lle interese, dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas.

B2.2.2. Desenvólvese en accións comunicativas cotiás básicas (saudar e dar información persoal, comprar ou comer nun restaurante, pedir medicamentos na farmacia, dicir no hospital o que lle doe, rexistrarse nun hotel, comprar un billete de autobús...).

B2.2.3. Participa en entrevistas e en conversacións cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, videoconferencia) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiáns, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, se queda con amizades ou se dan instrucións).

B2.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

B2.4.1. Emprega un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas, así como os patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.

B2.5.1. Comunica con eficacia, empregando adecuadamente estruturas morfosintácticas básicas e de escasa complexidade para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

B2.6.1. Emprega un vocabulario oral básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

B2.7.1. Exprésase con certa claridade, aínda que con clara influencia da lingua materna, usando unha entoación e pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e vacilacións frecuentes.

Bloque 3: Comprensión escrita

B3.1.1. Aplica estratexias de lectura comprensiva, recoñecendo os trazos básicos e o contido global do texto, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.

B3.2.1. Comprende instrucións, indicacións e información básica en notas e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cines, museos, centros educativos e outros lugares públicos.

B3.2.2. Capta a información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo e breve como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, presentacións escritas ou proxectos, etc.

B3.2.3. Comprende correspondencia (mensaxes, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, p. e., un mesmo, a familia, o centro educativo, o traballo, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc

B3.2.4. Entende o esencial e os puntos principais de noticias e artigos breves en xornais e revistas, en páxinas web e noutros materiais de referencia previamente seleccionados, que traten temas adecuados ao seu nivel, que lle sexan familiares ou sexan do seu interese e nos que os números, os nomes, as ilustracións e os títulos compoñen grande parte da mensaxe.

B3.2.5. Comprende o esencial de historias breves, sinxelas, ben estruturadas e adecuadas ao seu nivel e identifica aos personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan grande parte do argumento (cómic, relatos breves ou lecturas adaptadas).

B3.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

B3.4.1. Identifica un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel e dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes escritas en calquera formato.

B3.5.1. Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.

B3.6.1. Recoñece un vocabulario escrito básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo

B3.7.1. Recoñece algunhas das características e convencións propias da linguaxe escrita, discrimina o uso e significado da ortografía e a puntuación e distingue o significado e a utilidade dos símbolos de uso común.

Bloque 4: Expresión escrita

B4.1.1. Desenvolve estratexias estruturadas de composición, seguindo modelos propios de cada tipo de texto, elaborando un borrador previo, empregando dicionarios impresos ou online e correctores ortográficos e realizando unha revisión final.

B4.1.2 Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para matricularse nun curso, rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico, etc.).

B4.2.1. Escribe correspondencia persoal breve, simple e cun guión sinxelo (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo e da súa contorna inmediata (familia, amigos, afeccións, actividades cotiás, obxectos, lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.

B4.2.2. Elabora presentacións e proxectos breves e sinxelos (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo/a, a súa familia, o seu traballo, a súa vida académica e a súa contorna; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo a súa casa, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou dun obxecto; presentar un tema que lle interese, dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas.

B4.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

B4.4.1. Emprega un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas, así como os patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.

B4.5.1. Elabora textos breves e sinxelos, empregando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

B4.6.1. Emprega un vocabulario escrito básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

B4.7.1. Aмосa interese pola boa presentación dos textos escritos e aplica, de xeito elemental e con posibilidade de erros que non impidan a comprensión, os signos de puntuación básicos, as regras ortográficas básicas, así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.

Obxectivos para o curso

Conforme se indica no *Real Decreto 85/2015* no seu artigo 10, acerca dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, sexa na súa modalidade ordinaria ou, no caso que nos

ocupa, na súa concreción para a ensinanza de persoas adultas a distancia, contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Concreción da temporalización, do grao mínimo de consecución para superar a materia e dos procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe avaliable

Debido ás especiais características das ensinanzas impartidas na educación secundaria para adultos a distancia, os procedementos e instrumentos de avaliación da materia redúcense forzosamente ás diferentes probas escritas contempladas no apartado da avaliación. Por este motivo considérase reiterativo especificar de novo esta información para cada estándar na táboa seguinte. En calquera caso, no apartado dedicado a Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado explicárase de maneira máis específica esta cuestión e faranse as pertinentes puntualizacións.

Así mesmo, débese notar que moitos dos estándares de aprendizaxe traballados nestes primeiros módulos do ámbito de comunicación teñen un carácter moi básico, especialmente os máis relacionados coa comunicación oral e escrita. Por este motivo a temporalización proposta a continuación na táboa deberase entender como un traballo continuado ao longo do

respectivo cuadrimestre, no que en determinados momentos farase maior fincapé nas competencias, obxectivos e contidos avaliados polo estándar correspondente.

Estudo coordinado das linguas oficiais

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
Bloque 1	B1.1.1.	1ª avaliación	Comprende parcialmente e interpreta algunha das intencións comunicativas dalgún texto ora dos medios de comunicación.
	B.1.1.2.	1ª avaliación	Comprende parcialmente e interpreta algunha das intencións comunicativas dalgún texto oral da vida cotiá.
	B.1.1.3.	1ª e 2ª avaliación	Extrae algunha intención comunicativa dalgún texto oral e escrito do ámbito académico, seguindo parcialmente as instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.
	B1.2.1.	1ª avaliación	Identifica e extrae parcialmente información adecuada ao obxectivo da escoita.
	B1.3.1.	1ª avaliación	Identifica e selecciona algunha das ideas principais e secundarias dun texto.
	B1.4.1.	1ª avaliación	Trata de expoñer con claridade e orde algún tema relacionado coa actividade académica ou con noticias.
	B1.4.2.	1ª avaliación	Utiliza no proceso algún dos seguintes medios de rexistro de información: táboas, gráficos, esquemas ...
	B1.5.1.	1ª avaliación	Busca e selecciona información parcialmente relevante procedente dalgunha das seguintes fontes: audiovisuais e dixitais.
	B1.6.1.	1ª avaliación	Valora e trata de desenvolver progresivamente algún dos seguintes aspectos: unha articulación clara, unha pronunciación adecuada ou un uso adecuado das regras morfosintácticas.
	B1.7.1.	1ª avaliación	Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, reconece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.
	B1.7.2.	1ª avaliación	Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
			que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega cando se lle guía para facelo.
B1.8.1.	1ª avaliación		Participa en diálogos, debates e traballos cooperativos cando se lle anima a facelo.
B1.8.2.	1ª avaliación		Fai preguntas e/ou comentarios pertinentes ante as intervencións dos demais cando se lle guía para facelo.
B1.8.3.	1ª avaliación		Fai un esforzo por respectar a quenda de palabra e normalmente usa as formas de cortesía.
B1.8.4.	1ª avaliación		Respecta os argumentos dos demais e intenta contrastar esa información e tomar decisións cando se lle guía para facelo.
B1.9.1.	1ª avaliación		Intenta recoñecer a intencionalidade do/-a emisor/-a cando se lle guía para facelo a partir dalgún dos seus elementos contextuais.
B1.10.1.	1ª avaliación		Identifica parcialmente expresións habituais que evidencian calquera tipo de discriminación.
B1.10.2.	1ª avaliación		Fai un esforzo por evitar o seu uso.
B1.11.1.	1ª avaliación		Intenta usar a lingua galega nos diferentes ámbitos de comunicación.
B1.11.2.	1ª avaliación		Participa en actividades de transmisión e creación da cultura galega cando se lle anima a facelo.
B1.11.3.	1ª avaliación		Normalmente ten unha actitude positiva ante o uso da lingua galega en calquera situación.
B1.12.1.	1ª avaliación		Elabora guións para organizar os contidos dalgunha exposición (formal ou informal) seguindo un modelo.
B1.12.2.	1ª avaliación		Fai un esforzo por respectar cando se lle indica os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal, manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e intenta dirixirse ao auditorio con confianza e seguridade.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
	B1.12.3.	1ª avaliación	Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa cando así se lle indica.
	B1.12.4.	1ª avaliación	Trata de incorporar progresivamente palabras do nivel formal ás súas producións orais.
	B1.12.5.	1ª avaliación	Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos seguindo un modelo.
	B1.12.6.	1ª avaliación	Recoñece e avalía algún dos seguintes erros: progresión na argumentación, pobreza léxica e castelanismos.
	B1.13.1.	1ª avaliación	Fai un esforzo por participar en conversas informais (intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, ou pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas cando así se lle indica).
	B1.13.2.	1ª avaliación	Desenvólvese parcialmente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo.
	B1.12.1	1ª e 2ª avaliación	Le en voz alta con dicción, entoación ou ritmo adecuados á situación comunicativa.
Bloque 2	B2.1.1.	2ª avaliación	Comprende, interpreta parcialmente e trata de sintetizar o contido dalgún texto propio da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.
	B2.1.2.	1ª e 2ª avaliación	Comprende e interpreta parcialmente algún texto dos medios de comunicación.
	B2.2.1.	1ª e 2ª avaliación	Comprende e interpreta parcialmente textos narrativos.
	B2.2.2.	2ª avaliación	Identifica, coñece e usa algún dos trazos da linguaxe narrativa.
	B2.3.1.	2ª avaliación	Comprende e interpreta parcialmente algún texto xornalístico (a noticia).
	B2.3.2.	2ª avaliación	Identifica, coñece e usa algún dos trazos da linguaxe xornalística.
	B2.4.1.	2ª avaliación	Comprende e interpreta parcialmente algún

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
		anuncio publicitario.
B2.4.2.	2ª avaliación	Identifica, coñece e usa algún dos trazos da linguaxe publicitaria.
B2.5.1.	2ª avaliación	Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas cando se lle guía para facelo.
B2.6.1.	2ª avaliación	Analiza parcialmente o contido de textos escritos, segundo as pautas indicadas.
B2.6.2.	2ª avaliación	Fai esquemas e recolle algunhas das ideas principais e secundarias.
B2.6.3.	2ª avaliación	Sintetiza parcialmente o contido dalgún texto escrito.
B2.6.4.	2ª avaliación	Integra parcialmente no resumo algunhas ideas ou informacións do texto co apoio dun esquema previo.
B2.7.1.	2ª avaliación	Utiliza algunha estratexia para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto.
B2.8.1.	2ª avaliación	Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando algunha das seguintes estratexias: busca e desenvolve ideas, organizaas e/ou fai un esbozo.
B2.8.2.	2ª avaliación	Utiliza esquemas ou outros recursos similares para parcialmente ordenar as ideas e estruturar o contido dalgún texto.
B2.8.3.	2ª avaliación	Adecúa algún texto ao rexistro (coloquial ou formal) segundo se lle indique que o require a situación comunicativa.
B2.8.4.	2ª avaliación	Utiliza algún dos elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e do sintagma verbal.
B2.8.5.	2ª avaliación	Puntúa algún o texto tendo en conta

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
			parcialmente a relación coa súa organización oracional e a súa forma (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).
B2.8.6.	2ª avaliación		Crea algún texto escrito, en formato papel ou dixital, utilizando algunha das seguintes estratexias: corríxeo (conforme ás normas ortográficas, morfosintácticas e tipográficas), reelabora o texto e/ou prepara a redacción definitiva.
B2.9.1.	2ª avaliación		Busca algunha palabra en dicionarios (sinónimos, antónimos, fraseoloxía...) en papel ou dixitais.
B2.10.1.	2ª avaliación		Fai un esforzo por utilizar, con progresiva autonomía, o OPAC das bibliotecas.
B2.10.2.	2ª avaliación		Busca información para intentar ampliar e completar o contido da súa investigación a través dalgún dos seguintes recursos: revistas, artigos, enciclopedias e motores de busca especializados de internet.
B2.11.1.	2ª avaliación		Produce algún texto sinxelo propios da vida cotiá e das relacións sociais (notas, cartas, avisos, mensaxes) en formato papel ou dixital.
B2.12.1.	2ª avaliación		Produce algún texto, en formato papel ou dixital, propio da vida académica.
B2.13.1.	2ª avaliación		Produce algún texto xornalístico (noticias), a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.
B2.14.1.	2ª avaliación		Produce algún texto narrativo, en formato papel ou dixital.
B2.15.1.	2ª avaliación		Usa as TIC para planificar, revisar e/ou mellorar o texto cando así se lle indica.
B2.16.1.	2ª avaliación		Presenta algún texto escrito, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
			tipográfico que imposibilite a comprensión total do mesmo.
	B2.16.2.	2ª avaliación	Fai un esforzo por presentar os traballos con limpeza e claridade.
	B2.16.3.	2ª avaliación	Algún dos traballos estruturase en presentación ou introdución, desenvolvemento e conclusión (incluíndo índice e bibliografía de ser preciso).
	B2.17.1.	2ª avaliación	Valora a escrita como fonte de coñecemento académico e experiencial cando se lle anima a facelo.
	B2.18.1.	2ª avaliación	Valora positivamente a produción escrita en lingua galega cando se lle anima a facelo.
	B2.18.2.	2ª avaliación	Produce algún texto en lingua galega fóra do ámbito académico.
	B2.19.1.	2ª avaliación	Recoñece a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito cando se lle anima a facelo.
	B2.20.1.	2ª avaliación	Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora dalgunha das súas producións.
	B2.21.1.	2ª avaliación	Valora a lingua como o grande medio de comprensión e participación da/na historia colectiva e individual cando se lle anima a facelo.
Bloque 3	B3.1.1.	1ª avaliación	Coñece algunhas das características da linguaxe oral e escrita.
	B3.2.1.	1ª avaliación	Coñece algunhas das diferenzas entre a linguaxe formal e informal.
	B3.3.1.	1ª avaliación	Recoñece, explica parcialmente e usa algún dos elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
	B3.4.1.	1ª avaliación	Constrúe algún texto escrito que se adecúa parcialmente aos rexistros informal ou académico, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe.
	B3.5.1.	1ª avaliación	Recoñece a maior parte do sistema vocálico e consonántico da lingua galega.
	B3.5.2.	1ª avaliación	Recoñece e pronuncia correctamente a maior parte dos fonemas propios da lingua galega.
	B3.6.1.	2ª avaliación	Recoñece o parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito cando se lle indica.
	B3.7.1.	1ª avaliación	Recoñece e intenta usar habitualmente as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas).
	B3.7.2.	1ª avaliación	Recoñece e intenta usar habitualmente as normas de uso do B/V.
	B3.7.3.	1ª avaliación	Recoñece e intenta aplicar habitualmente as normas de uso do H.
	B3.8.1.	1ª avaliación	Recoñece e intenta aplicar habitualmente as normas da separación en sílabas da palabra.
	B3.8.2.	1ª avaliación	Recoñece (de modo guiado) ditongos, tritongos e hiatos.
	B3.9.1.	2ª avaliación	Intenta usar, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.
	B3.10.1.	1ª avaliación	Recoñece e explica parcialmente o uso dalgunha das categorías gramaticais (substantivo, adxectivos, determinantes e pronome persoal) nos textos, e fai un esforzo por utilizar este coñecemento para corrixir erros de xeito guiado.
	B3.11.1.	1ª avaliación	Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado e intenta utilizar este coñecemento para corrixir erros de modo guiado.
	B3.12.1.	1ª avaliación	Coñece e usa algunha terminoloxía básica.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
	B3.13.1.	1ª avaliación	Fai un esforzo por utilizar un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.
	B3.14.1.	1ª avaliación	Recoñece e intenta utilizar algunha das modalidades asertiva, interrogativa, exclamativa, desiderativa, dubitativa e imperativa en relación coa intención comunicativa do emisor.
	B3.15.1.	1ª avaliación	Recoñece e intenta usar correctamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.
Bloque 4	B4.1.1.	1ª avaliación	Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura cando se lle anima a facelo.
	B4.2.1.	1ª avaliación	Coñece as linguas que se falan no mundo, en Europa e na Península Ibérica parcialmente, e valora esta diversidade lingüística de riqueza inconmensurable cando se lle anima a facelo.
	B4.3.1.	1ª avaliación	Coñece a maioría das linguas que se falan en España.
	B4.4.1.	1ª avaliación	Coñece algúns dos trazos evolutivos do galego-portugués desde o medievo até a actualidade.
	B4.4.2.	1ª avaliación	Coñece parcialmente os territorios que forman parte da comunidade lusófona.
	B4.5.1.	1ª avaliación	Coñece e analiza de modo guiado a situación sociolingüística de Galicia a partir da análise dos ámbitos que a rodean.
	B4.6.1.	1ª avaliación	Analiza parcialmente a súa práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e colectivamente á normalización da lingua galega cando se lle anima a facelo.
Bloque 5	B5.1.1.	2ª avaliación	Le, de maneira guiada, algunha obra literaria para desenvolver o criterio lector.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B5.1.2.	2ª avaliación		Expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada aos seus gustos cando se lle anima a facelo.
B5.1.3.	2ª avaliación		Relaciona parcialmente o sentido da obra coa propia experiencia e con outros coñecementos adquiridos cando se lle anima a facelo.
B5.1.4.	2ª avaliación		Asimila algún dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.
B5.2.1.	2ª avaliación		Le algún conto, relato breve, mito ou lenda da nosa cultura.
B5.2.2.	2ª avaliación		Recoñece algún dos elementos básicos do relato literario e a parcialmente identifica a súa función.
B5.3.1.	2ª avaliación		Le dramatizada e comprensivamente cando se lle anima a facelo, visiona algunha peza teatral e aprecia algún dos seus compoñentes e procedementos máis salientables.
B5.4.1.	2ª avaliación		Describe e caracteriza algún dos trazos definatorios básicos do cómic como linguaxe artística.
B5.4.2.	2ª avaliación		Identifica e describe parcialmente, nun cómic dado, os principais trazos definatorios.
B5.5.1.	2ª avaliación		Diferencia os grandes xéneros literarios e recoñece algunha das súas características a partir da lectura.
B5.6.1.	1ª e 2ª avaliación		Valora a literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural cando se lle anima a facelo.
B5.7.1.	2ª avaliación		Produce de xeito guiado e previa planificación algún texto con intención literaria.
B5.8.1.	2ª avaliación		Coñece e usa de modo guiado algunha das estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante ou

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
			despois da lectura.
	B5.9.1.	2ª avaliación	Fai audicións dalgún poema recitado ou cantado.
	B5.10.1.	2ª avaliación	Fai un esforzo por utilizar todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais.
	B5.11.1.	2ª avaliación	Recoñece o valor da lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo, cando se lle anima a facelo.
	B5.12.1.	2ª avaliación	Goza coa lectura de textos literarios cando se lle anima a facelo.

Lingua estranxeira: inglés

11		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
Bloque 1	B1.1.1	1ª e 2ª avaliación	Aplica algunha estratexia de escoita activa para a comprensión parcial (global ou específica) das mensaxes recibidas, sen necesidade de entender todos os elementos das mesmas.
	B1.2.1	1ª e 2ª avaliación	Comprende parcialmente mensaxes orais breves ou instrucións relacionadas coa actividade de aula.
	B1.2.2	1ª e 2ª avaliación	Comprende parcialmente algún mensaxe ou anuncio público que conteñan algunha das seguintes instrucións, indicacións ou outro tipo de información: números, prezos, horarios ou datas nunha estación ou nuns grandes almacéns.
	B1.2.3	1ª e 2ª avaliación	Entende parcialmente o que se lle di nalgunha das seguintes transaccións habituais sinxelas: instrucións, indicacións, peticións, avisos, saúdos e presentacións.
	B1.2.4	1ª e 2ª avaliación	Identifica parcialmente o tema dalgunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (saúdos e presentacións ou diálogos en lugares públicos: oficinas de información, comercios, restaurantes, farmacias e hospitais, estacións ou aeroportos).
	B1.2.5	1ª e 2ª avaliación	Entende parcialmente a información esencial

11		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
			nalgũa conversa breve e sinxela (na que participa cando se lle anima a facelo) que traten sobre a súa contorna persoal: a familia, os amigos, o traballo, o tempo libre ou a descrición de obxectos e lugares.
B1.2.6	1ª e 2ª avaliación		Comprende parcialmente algunha das ideas principais de presentacións e proxectos (en formato papel ou dixital) sinxelos e ben estruturados sobre temas familiares ou do seu interese (p. e. lecer, familia, fogar, deporte, etc.) e sobre aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira, a condición de que contén con imaxes e ilustracións e se fale de xeito lento e claro
B1.3.1	1ª e 2ª avaliación		Na propia lingua, identifica algún dos aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas cando se lle guía para facelo.
B1.4.1	1ª e 2ª avaliación		Identifica algún dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel ou algún dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes orais directas ou recibidas mediante formato electrónico.
B1.5.1	1ª e 2ª avaliación		Recoñece e comprende parcialmente algunha das estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.
B1.6.1	1ª e 2ª avaliación		Recoñece boa parte do vocabulario oral básico para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.
B1.7.1	1ª e 2ª avaliación		Identifica algún patrón fonético ou de entoación moi básico e evidente que axuda a entender o sentido xeral da mensaxe.
Bloqu	B2.1.1	1ª e 2ª avaliación	Emprega algunha das estratexias de comunicación

11		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
e 2			básicas para producir un texto oral breve ou para participar en conversas, amosando interese e comprensión e empregando algunha das estratexias de compensación para suplir as carencias na lingua estranxeira.
	B2.2.1	1ª e 2ª avaliación	Realiza unha presentación ou un proxecto breve e sinxelo, previamente preparado e ensaiado, de acordo cun guión sinxelo e con apoio visual (en formato dixital ou papel), sobre algún dos seguintes temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar outras persoas; dar información básica sobre si mesmo/a, a súa familia, o seu traballo, a súa vida académica e o seu contorno; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo a súa casa, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa ou dun obxecto; presentar un tema que lle interese, dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) ou sobre algún dos aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas.
	B2.2.2	1ª e 2ª avaliación	Desenvólvese parcialmente nalgunha das seguintes accións comunicativas cotiás básicas: saudar e dar información persoal, comprar ou comer nun restaurante, pedir menciñas na farmacia, dicir no hospital o que lle doe, rexistrarse nun hotel, comprar un billete de metro.
	B2.2.3	1ª e 2ª avaliación	Participa nalgunha entrevistas ou nalgunha conversación cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, videoconferencia) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e

11		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
			sobre asuntos cotiáns, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, se queda con amizades ou se dan instrucións.
	B2.3.1	1ª e 2ª avaliación	Na propia lingua, identifica algún dos aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas cando se lle anima a facelo.
	B2.4.1	1ª e 2ª avaliación	Emprega algúns dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas ou algún dos patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.
	B2.5.1	1ª e 2ª avaliación	Comunica con eficacia, empregando adecuadamente algunha das estruturas morfosintácticas básicas e de escasa complexidade para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
	B2.6.1	1ª e 2ª avaliación	Emprega algún vocabulario oral básico para producir algún texto sinxelo propio do seu nivel educativo.
	B2.7.1	1ª e 2ª avaliación	Exprésase con certa claridade, aínda que con clara influencia da lingua materna, usando unha entoación ou pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e vacilacións frecuentes.
Bloque 3	B3.1.1	1ª e 2ª avaliación	Aplica algunha das estratexias de lectura comprensiva, recoñecendo algún dos trazos básicos e parte do contido global do texto, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.
	B3.2.1	1ª e 2ª avaliación	Comprende parcialmente algunhas instrucións, indicacións ou información básica en notas e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cines, museos, centros educativos e outros lugares públicos.
	B3.2.2	1ª e 2ª avaliación	Capta a información esencial ou localiza

11		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
			información específica en material informativo sinxelo e breve como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, presentacións escritas ou proxectos, etc.
B3.2.3	1ª e 2ª avaliación		Comprende parcialmente algunha correspondencia (mensaxes, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, p. e., un mesmo, a familia, o centro educativo, o traballo, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc
B3.2.4	1ª e 2ª avaliación		Entende o esencial e algún dos puntos principais de noticias ou artigos breves en xornais e revistas, en páxinas web ou noutros materiais de referencia previamente seleccionados, que traten temas adecuados ao seu nivel, que lle sexan familiares ou sexan do seu interese e nos que os números, os nomes, as ilustracións e os títulos compoñen grande parte da mensaxe.
B3.2.5	1ª e 2ª avaliación		Comprende o esencial dalgunha historia breve, sinxela, ben estruturada e adecuada ao seu nivel e identifica algún dos personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan grande parte do argumento (cómic, relatos breves ou lecturas adaptadas).
B3.3.1	1ª e 2ª avaliación		Na propia lingua, identifica algún dos aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas cando se lle anima a facelo.
B3.4.1	1ª e 2ª avaliación		Identifica algún dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel ou dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas

11	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
	B3.5.1 1ª e 2ª avaliación	das mensaxes escritas en calquera formato. Recoñece e comprende parcialmente algunha das estruturas morfosintácticas básicas nalgunhas oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.
	B3.6.1 1ª e 2ª avaliación	Recoñece algún vocabulario escrito básico para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo
	B3.7.1 1ª e 2ª avaliación	Recoñece algunhas das características e das convencións propias da linguaxe escrita, discrimina o uso e significado da ortografía e a puntuación ou distingue o significado e a utilidade dalgún dos símbolos de uso común.
Bloque 4	B4.1.1 1ª e 2ª avaliación	Desenvolve algunha das estratexias estruturadas de composición, seguindo algún dos modelos propios de cada tipo de texto ou elaborando un borrador previo, empregando dicionarios impresos ou online e correctores ortográficos e realizando unha revisión final.
	B4.1.2 1ª e 2ª avaliación	Completa de xeito guiado un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para matricularse nun curso, rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico, etc.).
	B4.2.1 1ª e 2ª avaliación	Escribe algunha correspondencia persoal breve, simple e cun guión sinxelo (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo e da súa contorna inmediata (familia, amigos, afeccións, actividades cotiás, obxectos, lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.
	B4.2.2 1ª e 2ª avaliación	Elabora algunha presentación ou proxecto breve e sinxelo (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar

11	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
		a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo/a, a súa familia, o seu traballo, a súa vida académica e a súa contorna; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo a súa casa, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou dun obxecto; presentar un tema que lle interese, dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas.
B4.3.1	1ª e 2ª avaliación	Na propia lingua, identifica algún dos aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas cando se lle anima a facelo.
B4.4.1	1ª e 2ª avaliación	Emprega algún dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar algunha das funcións comunicativas demandadas ou algún dos patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.
B4.5.1	1ª e 2ª avaliación	Elabora algún texto breve e sinxelo, empregando adecuadamente algunha das estruturas morfosintácticas básicas para realizar algunha das funcións comunicativas propias do seu nivel.
B4.6.1	1ª e 2ª avaliación	Emprega parcialmente algún vocabulario escrito básico para producir algún texto sinxelo propio do seu nivel educativo.
B4.7.1	1ª e 2ª avaliación	Amosa interese pola boa presentación dos textos escritos e aplica parcialmente, de xeito elemental e con posibilidade de erros que non impidan a comprensión, os signos de puntuación básicos, as regras ortográficas básicas ou as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos

Concrecións metodolóxicas

Se entendemos por metodoloxía didáctica o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados, a concreción das metodoloxías convértese nunha peza clave da programación desta materia.

As indicacións metodolóxicas derivadas das últimas reformas educativas teñen levado ao abandono do antigo modelo lingüístico-estruturalista en favor do modelo comunicativo, para o cal a lingua convértese nun útil que posibilita a comunicación dentro dun marco plurilingüe e plural que resulta coherente coa organización en ámbitos propia da ESA. As especiais características da educación das persoas adultas a distancia fan que esta materia presente concrecións metodolóxicas específicas.

O ensino a distancia supón a posibilidade real de que a maioría do alumnado non asista ás titorías presenciais, polo que unha planificación metodolóxica flexible queda fundamentalmente cinguida ao emprego da plataforma virtual. O método interrogativo deixa paso á lección comunicativa e ao método demostrativo (a partir de vídeos ou documentos), mentres a aprendizaxe por descubrimento (que esixe a aplicación práctica dos contidos estudados) vai ser guiada por medio de exercicios autoavaliáveis, especialmente no ámbito da lingua estranxeira.

Tratarase de implementar unha metodoloxía sumativa, aberta, participativa e bidireccional por medio do emprego de ferramentas coma os foros da materia, se ben a estruturación das actividades terá que atender ao obxectivo básico de preparar as e os discentes para a superación das probas escritas programadas.

A estes condicionantes debemos engadir tamén as características da ESA. Se as materias da ESO ordinaria teñen coma finalidade última a consecución por parte do alumnado das competencias clave, coñecementos e habilidades que lle permitirán desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade, ao tempo que lle capacitarán para acceder á educación postobligatoria, a Educación Secundaria para Adultos (que xa ten carácter non obrigatorio) debe continuar este labor tendo en conta as características inherentes a unha titulación de segunda oportunidade conducente a título: esixindo o dominio dos contidos recollidos no currículo sen por iso esquecer a situación persoal do alumnado matriculado.

Materiais e recursos didácticos

Como xa indicamos en apartados anteriores, os materiais e recursos empregados estarán dispoñibles na plataforma virtual (<http://aulavirtual.iessanclemente.net>), de xeito que esta será ferramenta indispensable para o alumnado. Nela atoparase a disposición dos estudantes un conxunto variado de materiais didácticos.

Os recursos despregados baixo a etiqueta “Apuntamento de profesorado” servirán ao alumnado para situarse na materia. Este material incluírá documentos teóricos e exercicios prácticos que de xeito habitual veñen sendo proporcionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través dunhas unidades didácticas postas a disposición do alumnado e do profesorado.

A estes materiais o equipo docente engadirá diferentes recursos, como poden ser documentos con indicacións acerca de como estudar a materia, ligazóns a diferentes recursos TIC de interese ou gravacións didácticas pensadas para facilitar o estudo, como poden ser vídeos educativos nos que se se resolvan diferentes actividades ou vídeos nos que se grava a sesión da titoría presencial para que todas as persoas matriculadas poidan “asistir”, polo menos de forma telemática.

Outro recurso a disposición do alumnado serán os foros. Todos os alumnos/as poderán crear un foro dentro do espazo asignado a cada avaliación para preguntar calquera dúbida, de xeito que tanto o profesorado coma os restantes alumnos/as poidan despregala. A maiores, o docente encargado de impartir a materia creará un foro específico para comentar a lectura obrigatoria de cada avaliación, fomentando deste xeito a reflexión conxunta do grupo sobre o texto ou textos escollidos.

Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Instrumentos de avaliación

- Dadas as peculiaridades das ensinanzas de ESA a distancia, as cualificacións do alumnado dependerán exclusivamente das probas realizadas.
- Realizarase unha proba escrita en cada unha das dúas avaliacións.
- O alumnado que non acade un resultado positivo na avaliación ordinaria poderá presentarse a unha convocatoria extraordinaria de curso completo.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación relaciónanse cos estándares de aprendizaxe avaliábeis e co seu grao mínimo de consecución. Así, os criterios de avaliación da nosa materia son os seguintes:

Estudo coordinado das linguas oficiais

Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar.

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais dos medios de comunicación.

B1.2. Identificar e extraer as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita.

B1.3. Identificar e seleccionar as ideas principais e as ideas secundarias do texto.

B1.4. Expor temas relacionados coa actividade académica e con noticias do seu interese.

B1.5. Coñecer e aplicar as TIC na produción de textos orais e escritos.

B1.6. Valorar unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas.

B1.7. Valorar as producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta.

B1.8. Participar activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos.

B1.9. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais e escritos.

B1.10. Analizar criticamente as mensaxes que leven calquera tipo de prexuízo ou sexan discriminatorias.

B1.11. Coñecer, valorar e usar a lingua galega nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas coma planificadas.

B1.12. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situación formais e informais, de forma individual ou en grupo.

B1.13. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.

B1.12. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir.

B2.1. Comprender, interpretar textos da vida cotiá e dos medios de comunicación.

B2.2. Comprender e interpretar textos narrativos.

- B2.3. Comprender e interpretar textos xornalísticos. A noticia.
- B2.4. Comprender e interpretar anuncios publicitarios.
- B2.5. Identificar a estrutura comunicativa das mensaxes escritas.
- B2.6. Analizar o contido de textos escritos e sintetízalo.
- B2.7. Utilizar estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto.
- B2.8. Crear textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva.
- B2.9. Buscar palabras en dicionarios en papel ou dixitais, motores de busca da información...
- B2.10. Utilizar de forma guiada a biblioteca escolar e outras bibliotecas e as TIC como fonte de información.
- B2.11. Producir textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais, en formato papel ou dixital.
- B2.12. Producir textos da vida académica en formato papel ou dixital.
- B2.13. Producir textos xornalísticos, a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.
- B2.14. Producir textos narrativos, en formato papel ou dixital.
- B2.15 Usar, con progresiva autonomía, as TIC para planificar, revisar e mellorar o texto.
- B2.16. Presentar os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico.
- B2.17. Valorar a escrita como fonte de coñecemento académico e experiencial.
- B2.18. Valorar a actitude positiva ante a produción escrita en lingua galega.
- B2.19. Recoñecer a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito.
- B2.20. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de mellora.
- B2.21. Valorar a lingua como o grande medio de comprensión e participación da/na historia colectiva e individual.

Bloque 3: Funcionamento da lingua

- B3.1. Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita.
- B3.2. Coñecer as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.

B3.3. Recoñecer, explicar e usar os elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais.

B3.4. Construír textos escritos que se adecúen aos rexistros informal ou académico, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe.

B3.5. Recoñecer o sistema vocálico e consonántico da lingua galega. Coñecemento e produción dos sons propios da nosa lingua.

B3.6. Recoñecer o parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito.

B3.7. Recoñecer e aplicar as normas de ortografía.

B3.8. Recoñecer e aplicar as normas da separación en sílabas da palabra. Ditongo. Tritongo. Hiato

B3.9. Usar, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.

B3.10. Recoñecer, explicar e usar con corrección as categorías gramaticais seguintes: substantivos, adxectivos, determinantes e pronome persoal tónico.

B3.11. Comprender e utilizar estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.

B3.12. Coñecer e usar unha terminoloxía básica.

B3.13. Coñecer expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos da contorna inmediata, situacións e actividades cotiás, necesidades básicas.

B3.14. Coñecer, construír e utilizar as modalidades asertiva, interrogativa, exclamativa, desiderativa, dubitativa e imperativa.

B3.15. Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito.

Bloque 4: Lingua e sociedade

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.

B4.2. Valorar positivamente o plurilingüismo como expresión de riqueza tanto para o propio individuo como para a humanidade.

B4.3. Coñecer as linguas de España.

B4.4. Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que o integran.

B4.5. Coñecer e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos seus ámbitos familiares, escolares e do lugar onde viven.

B4.6. Adquirir vínculos positivos cara ao uso da lingua galega e asumir a importancia da contribución individual e colectiva no desenvolvemento do idioma.

Bloque 5: Educación literaria

B5.1. Ler de forma autónoma ou guiada obras de literatura adecuadas aos intereses do alumnado, expondo a súa opinión persoal e relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.

B5.2. Ler contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa cultura, recoñecendo os elementos básicos do relato literario e a súa función.

B5.3. Ler dramatizando obras de teatro ou fragmentos, recoñecendo os aspectos formais do texto teatral.

B5.4. Ler e analizar outras linguaxes estéticas: o cómic...

B5.5. Diferenciar os grandes xéneros literarios e recoñecer as súas características a partir da lectura.

B5.6. Valorar a literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural.

B5.7. Producir textos sinxelos de intención literaria.

B5.8. Coñecer e usar as estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura.

B5.9. Oír e recitar poemas. Valorar a estética poética.

B5.10. Utilizar, con progresiva independencia, todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais.

B5.11. Coñecer e valorar a lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo.

B5.12. Valorar a lectura como fonte de pracer.

Lingua estranxeira: inglés

Bloque 1: Comprensión oral

B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes

do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita coa axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.

B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais moi breves e sinxelos nun rexistro estándar e informal, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e a velocidade lenta e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, se poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación e se conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.

B1.3. Incorporar á comprensión do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.

B1.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información ou unha orde) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche da conversa, ou os puntos dunha narración esquemática).

B1.5. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).

B1.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiáns e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.

B1.7. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos de uso común, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

Bloque 2: Expresión oral

B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para producir textos orais moi breves e sinxelos, empregando p. e., fórmulas e linguaxe “prefabricada” ou expresións memorizadas, ou apoiando con acenos o que se quere expresar.

B2.2. Producir textos monolóxicos moi breves e doados sobre temas cotiáns ou do seu interese e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira e participar de xeito simple e comprensible en conversacións moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un/ha mesmo/a, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e vacilacións e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación do interlocutor para manter a comunicación.

B2.3. Incorporar á produción do texto oral monolóxico ou dialóxico os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, respectando as convencións comunicativas máis elementais e identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.

B2.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo (p. e. unha felicitación, un intercambio de información ou un ofrecemento), empregando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche da conversa, ou os puntos dunha narración esquemática).

B2.5. Mostrar control sobre estruturas sintácticas básicas (p. e., enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, “entón”, “mais” ou “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático, p.e., nos tempos verbais ou na concordancia.

B2.6. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.

B2.7. Articular, de xeito comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.

Bloque 3: Comprensión escrita

B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto e polo apoio visual, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

B3.2. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata ou que versen sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, se poida consultar un dicionario e se conte con apoio visual e contextual.

B3.3. Incorporar á comprensión do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.

B3.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha felicitación, unha demanda de información, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).

B3.5. Aplicar á comprensión do texto o coñecemento dos constituíntes e as estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita, así como os seus significados asociados (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).

B3.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.

B3.7. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p.e., punto, coma), así como os símbolos de uso común (p.e., €, @, &, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

Bloque 4: Expresión escrita

B4.1. Coñecer e aplicar as estratexias básicas adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo unha idea principal en cada parágrafo, etc.).

B4.2. Elaborar, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata, de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles, ou para falar sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira

B4.3. Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos dos países onde se fala a lingua estranxeira adquiridos (p.e., as convencións sobre o inicio e o peche dunha carta a persoas coñecidas), identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.

B4.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo (p. e., unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), empregando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p.e., inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).

B4.5. Mostrar control sobre estruturas sintácticas básicas (p. e., enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, “entón”, “mais” ou “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático, p.e., nos tempos verbais ou na concordancia.

B4.6. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.

B4.7. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se empregan regularmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

Criterios de cualificación e promoción do alumnado

- Realizarase unha proba escrita en cada unha das dúas avaliacións. A segunda proba, realizada ao finalizar o cuadrimestre, incluírá contidos correspondentes ás dúas avaliacións e terá consideración de proba final para o alumnado que non superou a

primeira. Os estudantes que superaran a primeira avaliación só terán que realizar, nesta proba final, a parte correspondente á segunda.

- As probas escritas constarán de tres partes: unha correspondente a Lingua castelá, unha correspondente a Lingua galega e unha terceira parte correspondente a Lingua estranxeira.
- En cada proba incluíranse cuestións, por valor de dous puntos, sobre as obras de lectura propostas.
- A superación de cada proba esixe obter unha cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez.
- O alumnado que obteña unha cualificación mínima de catro puntos nalgunha das dúas avaliacións poderá compensar esa cualificación co resultado obtido na outra avaliación. Para superar a materia por medio desa compensación, a media aritmética das dúas avaliacións deberá ser igual ou superior a cinco puntos.
- A nota da avaliación final ordinaria será a media aritmética das cualificacións obtidas nas avaliacións parciais, expresada en números enteiros e redondeada á unidade máis próxima. No caso de equidistancia entre unidades, redondearase á superior.
- A proba correspondente á avaliación extraordinaria será de curso completo. Para superala, será necesario obter unha cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez.

Lecturas obrigatorias

1ª avaliación	2ª avaliación
LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ
Opción 1. Quiroga, H. «El almohadón de plumas»	Opción 1. Poe, E. A. «La máscara de la muerte roja»
Opción 2. Lovecraft, H. P. «Dagón»	Opción 2. Tolstoi, L. «El poder de la infancia» «Demasiado caro»
LINGUA GALEGA	LINGUA CALEGA
Opción 1. Dieste, R. «O neno suicida» «Sobre da morte de Bieito»	Opción 1. Navaza, G. «Castelos na area»
Opción 2. Cunqueiro, A. «Olaf Gunnarson estivo en Belén» «Pontes de Meirado»	Opción 2. Casares, C. «A rapaza do circo» «A galiña azul»

As obras de lectura non serán obxecto dunha proba específica, senón que nos exames de cada avaliación incluíranse preguntas, por valor de dous puntos, sobre as obras propostas.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

A análise da práctica docente, reflexión indispensable para mellorar o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe, realizarase a partir de diversos indicadores de logro.

Respecto da avaliación do proceso do ensino, teranse en conta os seguintes indicadores:

- A proposta didáctica fomenta a interacción entre o profesorado e os diferentes membros do grupo-clase, tanto a través da plataforma virtual como por medio das titorías telemáticas.
- Trabállase de forma integrada o currículo lingüístico e hai unha estreita coordinación entre os diferentes departamentos de linguas.
- Fomentase tanto a competencia lingüística oral coma a competencia lingüística escrita, dentro das especiais características do ensino a distancia.
- Favorécese o desenvolvemento dun hábito lector crítico nos e nas discentes.
- As obras de lectura de cada avaliación están a disposición de todo o alumnado.
- A temporalización é flexible, permitindo ao alumnado conciliar a súa vida escolar coa laboral e/ou familiar.
- Os exames adecúanse aos tempos dispoñibles para a súa realización.
- As probas escritas son claras e de fácil comprensión, e non inducen a erro.
- Cada cuestión do exame ten adxudicada claramente a súa porcentaxe sobre o total.
- Tanto os contidos susceptibles de examinarse coma os criterios de avaliación aplicados están a disposición do alumnado con anterioridade á realización das probas escritas.

Respecto da avaliación da práctica docente, teranse en conta os seguintes indicadores:

- Desenvólvense medidas ordinarias de apoio para aqueles alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

- Favorécese a autoavaliación do alumnado, proporcionándolle guías que lle permitan percibir obxectivamente o seu grado de consecución respecto dos obxectivos da materia.
- As probas escritas axústanse aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe avaliábeis asignados á materia.
- Os criterios de avaliación e promoción son coñecidos por todo o alumnado.
- Aténdense as indicacións dos informes psicopedagóxicos emitidos polo Departamento de Orientación.
- A adaptación da programación obedece ás características detectadas no grupo, sendo os recursos e medidas empregados adecuados ás necesidades detectadas.

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Debido ás especiais características deste centro, non se proporán actividades específicas, xa que as nosas materias non se consideran, en rigor, pendentes: os e as discentes teñen a obriga de matricularse unha vez máis nos módulos non superados.

Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Tendo en conta que estamos nun ensino a distancia onde non é obrigatoria a asistencia e no que o alumnado pódese matricular en calquera momento ao longo do curso, non está prevista a realización dunha avaliación inicial.

Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade está implícita na heteroxeneidade intrínseca do conxunto do alumnado, polo que se disporá dun correo e unha liña telefónica que permiten ao equipo docente atender os e as estudantes que así o requiran de xeito individualizado, respostando así ás necesidades de apoio educativo que se presenten. Esta atención personalizada levarase a cabo nas horas de titorías multimedia, nas que tamén se poderá atender ao alumnado de xeito presencial.

Concreción dos elementos transversais

Nesta materia entendemos que todo proceso educativo debe dirixirse, alén de á cognición e á intelectualidade, ao compoñente afectivo, interpersonal e social. Por iso consideramos que tanto os contidos transversais dos textos, como outros materiais didácticos empregados e compartidos na aula virtual, deben prestar atención a eidos relevantes dentro da vida humana como poden ser a dignidade dos seres humanos e a tolerancia, o voluntariado, o consumo responsable ou o respecto ao medio ambiente. Todo iso, sen esquecer que a literatura debe ir asociada á valoración positiva da diversidade cultural e ao respecto ás tradicións como patrimonio da Humanidade.

No caso concreto deste primeiro módulo do ámbito de comunicación, os materias presentados para traballar contribuirán (pola propia natureza da materia) ao desenvolvemento da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

A estas engadiranse outras actividades (por exemplo na unidade 1) que promoverán accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas. Outras actividades contribuirán ao desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, á prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e ao desenvolvemento de valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, ou ao afianzamento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico (por exemplo, nas unidades 3 e 4).

Actividades complementarias e extraescolares

Tendo en conta que estamos ante un ensino a distancia onde non é obrigatoria a asistencia e no que o único requisito é a realización dos diferentes exames, non está prevista a realización de actividades complementarias, alén da participación nos foros e actividades propostas na aula virtual da materia.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Tradicionalmente ténselle dado importancia á avaliación cualificadora. Porén, dentro do proceso de ensino-aprendizaxe planificado nesta programación contemplárase a avaliación formativa, mediante a cal preténdese controlar e mellorar todo o devandito proceso nas súas diferentes fases. A primeira corresponderíase coa comprobación da planificación contemplada, tendo en conta os elementos prescritivos presentes no currículo; a segunda co seguimento e a posible adaptación de certos aspectos en función da súa aplicación no día a día desenvolto tanto na plataforma virtual coma nas titorías presenciais. Unha vez rematada a aplicación da presente programación no vixente curso, avaliarase o funcionamento da súa posta en práctica e, tendo en conta os resultados tirados desta análise, recolleranse no documento da Memoria final de curso as propostas de mellora que se estimen pertinentes.

Incorporación das modificacións propostas na memoria do curso anterior

Seguindo o compromiso expresado máis arriba, non nos queda máis que dar conta das propostas de mellora implementadas con respecto do curso anterior. A desaparición do foro de lectura da materia obedece á preocupación do alumnado, que vía esta ferramenta coma unha demanda esixente e que non era quen de cumprir adecuadamente, en troques da axuda que buscaba ser. Se a isto engadimos que as limitacións do calendario do curso deixaban un tempo moi xusto tanto para o desenvolvemento como para a avaliación e cualificación da materia, a mellor opción parece ser deixar os foros abertos sen cualificar, de xeito que ningún dos e das discentes se sinta obrigado a participar neles, favorecendo así unha intervención libre máis persoal e crítica á medida dos tempos académicos, laborais e persoais de cada estudante.

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN

MÓDULO II ESAD

Introdución e contextualización

A presente programación é unha proposta didáctica para a materia de Ámbito de Comunicación do segundo curso de Educación Secundaria para Adultos a Distancia (ESAD), tendo en conta as especiais características derivadas tanto da educación das persoas adultas coma da modalidade a distancia.

Contexto educativo

Estas dúas circunstancias -ensino de adultos e modalidade a distancia- veñen determinar grandemente o proceso de ensino e aprendizaxe deseñado para esta materia. Se a educación das persoas adultas ten a consideración de ensinanza de segunda oportunidade conducente a título, a modalidade a distancia esixe do alumnado o rápido desenvolvemento da Competencia de Aprender a Aprender, xa que o material vai estar dispoñible na plataforma dixital do IES San Clemente co obxectivo de que se vaian traballando os contidos propostos segundo a temporalización establecida.

As vantaxes deste tipo de ensino non presencial (que supera os límites espaciais e temporais que constrinxen ás ensinanzas da modalidade presencial ordinaria) complementáanse coas titorías presenciais e multimedia, as cales pretenden servir de apoio constante ao alumnado ao longo de todo o curso, de xeito que, axudado polo profesorado titor, poida acadar unha avaliación positiva.

A plataforma virtual será a mesma que o pasado curso académico, polo que este entorno non debería supoñer ningunha dificultade na planificación da materia. O alumnado de nova incorporación atopará un espazo intuitivo e especialmente visual, mentres que aqueles e aquelas discentes que se reincorporen este curso xa estarán familiarizados co seu funcionamento.

Marco legislativo

O currículo está recollido a nivel estatal no **Real decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e a nivel autonómico no **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. De xeito específico, o desenvolvemento curricular propio da nosa materia guíase por unha orde

propia, a **Orde do 20 de marzo de 2018** pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa básica de obrigado cumprimento engádesse outra que a complementa: a **Orde ECD/65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, e a **Circular 4/2019**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2019/20.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

As competencias clave serven de marco de referencia para unha aprendizaxe activa e significativa ao longo de toda a vida das e dos discentes. Segundo o que reflicte a Orde que establece o currículo, procederase a concretar a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia, conformando os seus perfís competenciais, xa que a presente programación didáctica pretende contribuír ao desenvolvemento de todas e cada unha das competencias clave indicadas nel: é nese senso no que entendemos o “saber facer” que se define no modelo competencial establecido pola Unión Europea, que inclúe:

- Comunicación lingüística. (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)
- Competencia dixital. (CD)
- Aprender a aprender.(CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

Estas competencias relaciónanse cos estándares de aprendizaxe avaliáveis e, a partir destes, cos obxectivos xerais de etapa, os contidos, os criterios de avaliación, e o grao mínimo de consecución recollidos na táboa correspondente do apartado dedicado ás concrecións para os estándares de aprendizaxe avaliáveis nesta programación, á temporalización, ao grao mínimo de consecución para superar a materia e aos procedementos e instrumentos de avaliación.

En calquera caso, cómpre anotar que a nosa materia, debido ás súas características e á meta última de desenvolver unha competencia en comunicación lingüística, ten esta competencia como prioritaria. Nesa liña, tendo en conta a organización en ámbito da materia, que abrangue de xeito integrado e global o estudo das dúas linguas cooficiais e dunha lingua estranxeira, se traballará a vertente instrumental e funcional da lingua. Así, privilexiaremos o uso correcto da lingua e a comprensión de textos de carácter diverso.

Paralelamente, ese ámbito da construción de coñecementos, así como o desenvolvemento das capacidades para seleccionar e procesar a información requeridas para o traballo na aula virtual, axudarán a desenvolver a competencia de aprender a aprender. Tamén se inclúe o desenvolvemento dunha competencia metalingüística e metacognitiva, que incide na necesaria capacidade para aprender a aprender unha lingua.

Todo o argumentado contribúe tamén á competencia relacionada co sentido de iniciativa e espírito emprendedor, aprendendo a resolver problemas e a trazar novos plans de estudo, con decisións importantes e transferibles a outros ámbitos.

Por outra banda, dadas as especiais características do noso centro, a competencia referente ao tratamento da información e a competencia dixital, así como as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, ao ter que empregar a aula virtual como ferramenta imprescindible no marco dun ensino a distancia e ser capaces de procesar toda a información presente nela empregando medios e formatos diversos, trabállanse acotío.

Asemade, as competencias sociais e cívicas trataranse mediante esa plataforma no uso de recursos diversos e con contidos transversais en textos e outros materiais que garantan o desenvolvemento desa necesaria competencia. Do mesmo xeito, nas aulas presenciais isto terá unha repercusión especial.

Nos mesmos textos e demais materiais asociados a eles, como os múltiples temas musicais ou pezas teatrais vinculadas á expresión literaria, a competencia relativa á conciencia e expresións culturais resulta imprescindible, como se verá ao longo da nosa programación.

Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Recóllense a continuación os estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais segundo o bloque ao que pertencen, para así dar cumprida conta da contribución ao desenvolvemento das competencias claves que vai desenvolver o segundo módulo do ámbito de comunicación da ESAD:

Estudo coordinado das linguas oficiais

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

B1.1.1 Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación.

B1.1.2 Comprende e interpreta a intención comunicativa dos medios de comunicación audiovisual.

B1.1.3 Extrae a intención comunicativa das novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.

B1.2.1 Intervén espontaneamente e expón un punto de vista persoal.

B1.2.2 Contesta a preguntas sobre a propia intervención.

B1.2.3 Fai preguntas e comentarios pertinentes ante as intervencións dos demais.

B1.2.4. Respecta as intervencións dos demais.

B1.2.5 Participa nas conversacións en grupo encamiñadas á expresión, contraste de opinións e toma de decisións.

B1.3.1 Recoñece a interacción como medio fundamental no seu proceso de aprendizaxe.

B1.4.1 Usa apropiadamente as fórmulas lingüísticas traballadas en situacións concretas de comunicación: cortesía, acordo, discrepancia.

B1.4.2 Usa apropiadamente claves extralingüísticas, axúdase de datos contextuais...

B1.5.1 Identifica as informacións e os datos relevantes.

B1.5.2 Identifica expresións habituais que evidencien calquera tipo de discriminación.

B1.6.1 Coñece e utiliza no proceso de escoita diversos medios de rexistro da información (táboas, gráficos, esquemas ...)

B1.7.1 Recoñece a diferenza entre textos informativos, argumentativos, instrutivos e literarios.

B1.8.1 Coñece e aplica como apoio nas súas producións orais medios audiovisuais: vídeo, presentacións, programas de audio...

B1.9.1 Recoñece as similitudes da aprendizaxe das diferentes linguas.

B1.10.1 Coñece e usa correctamente os elementos paraverbais e non verbais dunha exposición oral.

B1.11.1 Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, reconece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións de mellora.

B1.11.2 Respecta as normas que rexen a interacción oral e aplica as normas sociocomunicativas.

B1.12.1 Usa con normalidade a lingua galega en todas situacións.

B1.13.1 Usa as normas de cortesía.

B1.13.2 Introduce elementos non explícitos nos intercambios comunicativos: actitude do falante, ironía...

B1.14.1 Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.

B1.14.2 Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.

B1.15.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

B2.1.1 Comprende e interpreta textos descritivos.

B2.1.2 Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe utilizada nos textos descritivos.

B2.2.1 Comprende e interpreta textos xornalísticos (a reportaxe, artigos de opinión, editoriais).

B2.2.2 Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe utilizada de textos xornalísticos. A reportaxe, artigos de opinión, editoriais.

B2.3.1 Comprende e interpreta textos dialogados.

B2.3.2 Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe dos textos dialogados.

B2.3.3 Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe teatral.

B2.4.1 Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: busca e desenvolve ideas; organiza ditas ideas e elabora un primeiro borrador.

B2.4.2 Utiliza esquemas ou outros recursos similares para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.

B2.4.3 Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo requira a situación comunicativa.

B2.4.4 Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e do sintagma verbal.

B2.4.5 Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas)

B2.4.6 Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: fai unha primeira redacción.

B2.4.7 Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: corríxeo (conforme ás normas ortográficas, morfosintácticas e tipográficas), reelabora o texto e prepara a redacción definitiva.

B2.5.1 Busca palabras en dicionarios (sinónimos, antónimos, fraseoloxía...) en papel ou dixitais.

B2.6.1 Utiliza, con progresiva autonomía, o OPAC das bibliotecas.

B2.7.1 Produce textos xornalísticos (reportaxe, artigos de opinión) a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.

B2.8.1 Produce textos descritivos, en formato papel ou dixital, sobre temas cotiáns, de forma breve e sinxela.

B2.9.1 Produce textos dialogados, en formato papel ou dixital.

B2.10.1 Elabora un cómic respectando as características propias (elementos icónicos...)

B2.11.1 O traballo presenta: índice, presentación ou introdución, desenvolvemento, conclusión e bibliografía.

B2.11.2 Usa, con progresiva autonomía, as TIC para planificar, revisar e mellorar o texto.

B2.12.1 Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfica ou tipográfica.

B2.13.1 Produce textos en lingua galega fóra do ámbito académico.

B2.14.1 Recoñece a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito.

B2.15.1 Valora positivamente a produción escrita en lingua galega.

B2.16.1 Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias.

Bloque 3: Funcionamento da lingua

B3.1.1 Coñece as características da linguaxe oral e escrita.

- B3.2.1 Coñece as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.
- B3.3.1 Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.
- B3.4.1 Recoñece e usa as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas) e do til diacrítico.
- B3.4.2 Recoñece e aplica as normas de uso do L/LL/Y en lingua castelá.
- B3.4.3 Recoñece e aplica as normas de uso do G/J en lingua castelá.
- B3.4.4 Recoñece e aplica as normas de uso do S/X en lingua galega.
- B3.5.1 Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.
- B3.6.1 Usa, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.
- B3.7.1 Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción) nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros.
- B3.8.1 Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado, utiliza este coñecemento para corrixir erros.
- B3.9.1 Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.
- B3.10.1 Recoñece e usa correctamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.
- B3.11.1 Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras dentro dunha frase ou dun texto oral ou escrito.
- B3.12.1 Recoñece o funcionamento propio de cada lingua e ao mesmo tempo as coincidencias coas linguas romances.
- B3.13.1 Recoñece e usa mecanismos de referencia externa: a deixis, e de referencia interna: a anáfora, a catáfora e a elipse.
- B3.13.2 Recoñece e usa nexos e conectores espaciais, temporais, de oposición e de contraste.
- B3.14.1 Acepta positivamente as correccións e valóralo como cuestión básica na súa aprendizaxe.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- B4.1.1 Localiza nun mapa as linguas de España e explica algunha das súas características diferenciais, comparando varios textos; recoñece as súas orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais.

B4.2.1 Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.

B4.3.1 Coñece a evolución da lingua castelá e as súas variantes dialectais.

B4.4.1 Coñece as orixes históricas do castelán en América e as súas principais áreas xeográficas.

B4.5.1 Valora a lingua como o grande medio de comprensión e participación da/na historia colectiva e individual.

Bloque 5: Educación literaria

B5.1.1 Le con regularidade obras literarias.

B5.2.1 Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.

B5.3.1 Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.

B5.4.1 Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.

B5.5.1 Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.

B5.6.1 Visiona e analiza películas.

B5.6.2 Recoñece os diferentes subxéneros cinematográficos.

B5.7.1 Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

B5.7.2 Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

B5.8.1 Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

5.9.1 Analiza o contido das obras literarias traballadas, seguindo as pautas dadas: narrador, eu lírico, elementos do relato...

B5.9.2 Desenvolve unha valoración persoal do texto lido, planificando o seu contido e argumentando sobre os aspectos que persoalmente lle chamaron máis a atención.

B5.10.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

B5.11.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

B5.12.1. Goza coa lectura de textos literarios.

Lingua estranxeira: inglés

Bloque 1. Comprensión oral

B1.1.1 Aplica as estratexias de escoita activa para a comprensión (global ou específica) das mensaxes recibidas, sen necesidade de entender todos os elementos das mesmas.

B1.2.1 Capta os puntos principais e detalles relevantes de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (p.e. cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun hotel...), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.

B1.2.2 Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás sinxelas e estruturadas (p.e. en hoteis, tendas, restaurantes, farmacias e consulta do doutor, estacións e aeroportos, centros de lecer, de estudos ou traballo).

B1.2.3 Comprende, nunha conversación informal, descricións e narracións sobre asuntos prácticos da vida diaria, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o dito.

B1.2.4 Comprende as ideas principais de presentacións e proxectos (en formato papel ou dixital) sinxelos e ben estruturados sobre temas familiares ou do seu interese (p.e., lecer, familia, fogar, deporte, etc.) e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, a condición de que contén con imaxes e ilustracións e se fale de xeito lento e claro.

B1.3.1 Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

B1.4.1 Identifica un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel e dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes orais directas ou recibidas mediante formato electrónico.

B1.5.1 Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.

B1.6.1 Recoñece un vocabulario oral básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

B1.7.1 Identifica patróns fonéticos e de entoación moi básicos e evidentes que axudan a entender o sentido xeral da mensaxe.

Bloque 2. Expresión oral

B2.1.1 Emprega estratexias de comunicación básicas para producir textos orais breves e para participar en conversas, amosando interese e comprensión e empregando estratexias de compensación para suplir as carencias na lingua estranxeira.

B2.2.1 Realiza presentacións e proxectos breves e sinxelos, previamente preparados e ensaiados, de acordo cun guión sinxelo e con apoio visual (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns e do seu interese ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas.

B2.2.2 Desenvólvese con expresións básicas en xestións e transaccións cotiás sinxelas, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras, a saúde e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).

B2.2.3 Participa en conversacións informais cara a cara, por teléfono ou outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións.

B2.3.1 Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

B2.4.1 Emprega un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas, así como os patróns discursivos máis frecuentes para o propósito comunicativo.

B2.5.1 Comunica con eficacia, empregando adecuadamente estruturas morfosintácticas básicas e de escasa complexidade para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

B2.6.1 Emprega un vocabulario oral básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

B2.7.1 Exprésase con certa claridade, aínda que con clara influencia da lingua materna, usando unha entoación e pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e vacilacións frecuentes.

Bloque 3. Comprensión escrita

B3.1.1 Aplica estratexias de lectura comprensiva, recoñecendo os trazos básicos e o contido global do texto, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.

B3.2.1 Capta a información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo e breve como notas e carteis en lugares públicos, menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, presentacións escritas ou proxectos, etc.

B3.2.2 Comprende correspondencia persoal breve e sinxela, en calquera formato, na que se fala dun mesmo; se describen persoas, obxectos e lugares; se narran acontecementos presentes e se expresan sentimentos e desexos sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

B3.2.3 Entende o esencial e os puntos principais de noticias e artigos breves en xornais e revistas, en páxinas web e noutros materiais de referencia previamente seleccionados, que traten temas adecuados ao seu nivel, que lle sexan familiares ou sexan do seu interese e nos que os números, os nomes, as ilustracións e os títulos compoñen grande parte da mensaxe.

B3.2.4 Comprende o esencial de historias breves, sinxelas, ben estruturadas e adecuadas ao seu nivel e identifica aos personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (cómic, relatos breves ou lecturas adaptadas).

B3.3.1 Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

B3.4.1 Identifica un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel e dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes escritas en calquera formato.

B3.5.1 Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.

B3.6.1 Recoñece un vocabulario escrito básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

B3.7.1 Recoñece algunhas das características e convencións propias da linguaxe escrita, discrimina o uso e significado da ortografía e a puntuación e distingue o significado e a utilidade dos símbolos de uso común.

Bloque 4. Expresión escrita

4.1.1 Desenvolve estratexias estruturadas de composición, seguindo modelos propios de cada tipo de texto, elaborando un borrador previo, empregando dicionarios impresos ou online e correctores ortográficos e realizando unha revisión final.

4.2.1 Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afeccións (p. e. para inscribirse nun ximnasio, matricularse nun obradoiro ou curso).

4.2.2 Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, chats), nos que se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.

4.2.3 Escribe notas, anuncios e mensaxes breves (p.e. en Twitter ou Facebook) relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal, respectando as convencións e normas de cortesía e da “netiqueta”.

4.2.4 Elabora textos e presentacións ou proxectos breves e sinxelos (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns ou do seu interese ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas doadas e básicas.

4.2.5 Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (p. e., con amigos e colegas de traballo noutros países), se intercambia información, se fala de temas cotiáns ou do seu interese ou se dan instrucións e indicacións.

4.3.1 Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

4.4.1 Emprega un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas, así como os patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.

4.5.1 Elabora textos breves e sinxelos, empregando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

4.6.1 Emprega un vocabulario escrito básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

4.7.1 A moso interese pola boa presentación dos textos escritos e aplica, de xeito elemental e con posibilidade de erros que non impidan a comprensión, os signos de puntuación básicos, as regras ortográficas básicas, así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.

Obxectivos para o curso

Conforme se nos indica no *Real Decreto 85/2015* no seu artigo 10, acerca dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, sexa esta na súa modalidade ordinaria ou no caso que nos ocupa na súa concreción para a ensinanza de persoas adultas a distancia, contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Concreción da temporalización, o grao de consecución para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe avaliable

Debido ás especiais características das ensinanzas impartidas na educación secundaria para adultos a distancia, os procedementos e instrumentos de avaliación da materia redúcense forzosamente ás diferentes probas escritas contempladas no apartado da avaliación. Por este motivo considérase reiterativo especificar de novo esta información para cada estándar na táboa seguinte. En calquera caso, no apartado dedicado a Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado explicarase de maneira máis específica esta cuestión e faranse as pertinentes puntualizacións.

Así mesmo, débese notar que moitos dos estándares de aprendizaxe traballados nestes primeiros módulos do ámbito de comunicación teñen un carácter moi básico, especialmente os máis relacionados coa comunicación oral e escrita. Por este motivo a temporalización proposta a continuación na táboa deberase entender como un traballo continuado ao longo do respectivo cuatrimestre, no que en determinados momentos farase maior fincapé nas competencias, obxectivos e contidos avaliados polo estándar correspondente.

Estudo coordinado das linguas oficiais

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
Bloque 1	B1.1.1.	1ª avaliación	Comprende parcialmente a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación.
	B.1.1.2.	1ª avaliación	Comprende parcialmente a intención comunicativa dos medios de comunicación audiovisual.
	B.1.1.3.	1ª e 2ª avaliación	Identifica unha posible intención comunicativa nalgunhas novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual baseándose nos contidos teóricos da materia.
	B1.2.1.	1ª avaliación	Intervén cando se lle anima a facelo e expón un punto de vista persoal.
	B1.2.2.	1ª avaliación	Fai un esforzo por contestar razoadamente a preguntas sobre a propia intervención.
	B1.2.3.	1ª avaliación	Fai preguntas ou comentarios pertinentes ante as intervencións dos demais cando se lle guía mediante preguntas para que o faga.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
	B1.2.4.	1ª avaliación	Respecta as intervencións dos demais na meirande parte das situacións.
	B1.2.5.	1ª avaliación	Cando participa nas conversacións en grupo encamiñadas á expresión, contraste de opinións e toma de decisións fai cando menos unha intervención.
	B1.3.1.	1ª avaliación	Recoñece a interacción como un medio válido no seu proceso de aprendizaxe.
	B1.4.1.	1ª avaliación	Usa apropiadamente unha das fórmulas lingüísticas traballadas en situacións concretas de comunicación: cortesía, acordo, discrepancia.
	B1.4.2.	1ª avaliación	Usa claves extralingüísticas e axúdase de datos contextuais...
	B1.5.1.	1ª e 2ª avaliación	Busca as informacións e os datos relevantes.
	B1.5.2.	1ª e 2ª avaliación	Busca expresións habituais que evidencien calquera tipo de discriminación.
	B1.6.1.	1ª e 2ª avaliación	Coñece a existencia de diversos medios de rexistro da información (táboas, gráficos, esquemas ...) e sabe que pode aplicarlos no proceso de escoita.
	B1.7.1.	1ª e 2ª avaliación	Coñece algunha diferenza entre textos informativos, argumentativos, instrutivos e literarios.
	B1.8.1.	1ª avaliación	Coñece medios audiovisuais: vídeo, presentacións, programas de audio... e sabe que pode aplicarlos como apoio nas súas producións orais.
	B1.9.1.	1ª e 2ª avaliación	Coñece a existencia de similitudes na aprendizaxe das diferentes linguas.
	B1.10.1.	1ª avaliación	Coñece algún dos elementos paraverbais e non verbais dunha exposición oral.
	B1.11.1.	1ª avaliación	Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta.
	B1.11.2.	1ª avaliación	Respecta a meirande parte das veces as

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
			normas que rexen a interacción oral e as normas sociocomunicativas.
	B1.12.1.	1ª avaliación	Usa con normalidade a lingua galega en todas situacións dentro da súa competencia.
	B1.13.1.	1ª avaliación	Usa a meirande parte das veces as normas de cortesía.
	B1.13.2.	1ª avaliación	Comprende a existencia de elementos non explícitos nos intercambios comunicativos: actitude do falante, ironía...
	B1.14.1.	1ª avaliación	Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión.
	B1.14.2.	1ª avaliación	Desenvólvese correctamente en algunha situación da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.
	B1.15.1.	1ª e 2ª avaliación	Le en voz alta.
Bloque 2	B2.1.1.	2ª avaliación	Comprende algún texto descritivo.
	B2.1.2.	2ª avaliación	Coñece e algún dos trazos da linguaxe utilizada nos textos descritivos.
	B2.2.1.	2ª avaliación	Comprender, algún texto xornalístico (a reportaxe, artigos de opinión, editoriais).
	B2.2.2.	2ª avaliación	Coñece algún trazo da linguaxe utilizada nalgún dos textos xornalísticos.
	B2.3.1.	2ª avaliación	Comprende algún texto dialogado.
	B2.3.2.	2ª avaliación	Coñece algún trazo da linguaxe dos textos dialogados.
	B2.3.3.	2ª avaliación	Coñece algún trazo da linguaxe teatral.
	B2.4.1.	2ª avaliación	Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: busca ideas.
	B2.4.2.	2ª avaliación	Utiliza esquemas ou outros recursos similares para ordenar as ideas do texto.
	B2.4.3.	2ª avaliación	Coñece a existencia de rexistro coloquial ou formal no texto.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B2.4.4.	1ª e 2ª avaliación	Utiliza elementos lingüísticos para a cohesión das ideas: a miúdo respecta as concordancias dentro do sintagma nominal e do sintagma verbal.
B2.4.5.	2ª avaliación	Puntúa o texto en relación coa forma do texto (os parágrafos)
B2.4.6.	2ª avaliación	Crea textos escritos, en formato papel ou dixital.
B2.4.7.	2ª avaliación	Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: corríxeo conforme ás normas ortográficas.
B2.5.1.	2ª avaliación	Busca algunha palabra en dicionarios en papel ou dixitais.
B2.6.1.	1ª e 2ª avaliación	Utiliza algunha vez a biblioteca.
B2.7.1	2ª avaliación	Produce algún texto xornalístico breve en formato papel ou dixital.
B2.8.1	2ª avaliación	Produce algún texto descritivo, en formato papel ou dixital, de forma breve e sinxela.
B2.9.1	2ª avaliación	Produce algún texto dialogado, en formato papel ou dixital.
B2.10.1	2ª avaliación	Entende as características propias (elementos icónicos...) dun cómic
B2.11.1.	2ª avaliación	O traballo presenta: introdución e desenvolvemento.
B2.11.2.	2ª avaliación	Usa, con progresiva autonomía, as TIC para revisar o texto.
B2.12.1.	2ª avaliación	Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, tentando evitar erros na ortografía.
B2.13.1.	2ª avaliación	Produce algún texto en lingua galega.
B2.14.1.	2ª avaliación	Recoñece algunha importancia ao texto escrito.
B2.15.1.	2ª avaliación	Valora positivamente algunha produción escrita en lingua galega.
B2.16.1	2ª avaliación	Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión das producións propias.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
Bloque 3	B3.1.1.	1ª e 2ª avaliación	Coñece algunha característica da linguaxe oral e escrita.
	B3.2.1.	1ª e 2ª avaliación	Coñece algunha diferenza entre a linguaxe formal e informal.
	B3.3.1.	1ª avaliación	Pronuncia correctamente a meirande parte dos fonemas propios da lingua galega.
	B3.4.1.	1ª avaliación	Coñece as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas).
	B3.4.2.	1ª avaliación	Coñece as normas de uso do L/LL/Y en lingua castelá.
	B3.4.3.	1ª avaliación	Coñece as normas de uso do G/J en lingua castelá.
	B3.4.4.	1ª avaliación	Coñece as normas de uso do S/X en lingua galega.
	B3.5.1.	1ª avaliación	Usa ás veces a puntuación para a cohesión textual.
	B3.6.1.	1ª avaliación	Usa en ocasións os correctores ortográficos dos procesadores de texto.
	B3.7.1.	1ª avaliación	Coñece as categorías gramaticais (pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción).
	B3.8.1.	1ª avaliación	Coñece o suxeito e predicado.
	B3.9.1.	1ª e 2ª avaliación	Utiliza un vocabulario preciso para expresarse con claridade.
	B3.10.1.	1ª e 2ª avaliación	Coñece sinónimos e antónimos.
	B3.11.1.	1ª avaliación	Coñece a existencia de compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras.
B3.12.1.	1ª avaliación	Recoñece o funcionamento propio de cada lingua.	
B3.13.1.	1ª avaliación	Coñecer mecanismos de referencia interna: a elipse.	
B3.13.2.	1ª avaliación	Coñecer e nexos e conectores espaciais, temporais.	
B3.14.1.	1ª e 2ª avaliación	A miúdo acepta positivamente as correccións.	
Bloque 4	B4.1.1.	1ª avaliación	Coñece as linguas de España recoñece as súas orixes históricas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
	B4.2.1.	1ª avaliación Coñece a diversidade lingüística na Península Ibérica.
	B4.3.1.	1ª avaliación Coñece a existencia dunha evolución na lingua castelá.
	B4.4.1.	1ª avaliación Coñece as orixes históricas do castelán en América.
	B4.5.1.	1ª avaliación Valora a lingua como o grande medio de comprensión.
Bloque 5	B5.1.1.	2ª avaliación Le algunha obra literaria.
	B5.2.1.	2ª avaliación Coñece algún elemento de cada xénero literario e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.
	B5.3.1.	2ª avaliación Le poemas, determina o tema principal.
	B5.4.1.	2ª avaliación Le textos narrativos breves, localiza personaxes principais.
	B5.5.1.	2ª avaliación Le pezas teatrais e recoñece algún dos subxéneros.
	B5.6.1.	2ª avaliación Visiona películas.
	B5.6.2.	2ª avaliación Recoñece algún subxénero cinematográfico.
	B5.7.1.	2ª avaliación Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando algunha das diferenzas estruturais.
	B5.7.2.	2ª avaliación Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando algunha das diferenzas estruturais.
	B5.8.1.	2ª avaliación Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica algún dos trazos dos subxéneros.
	B5.9.1.	2ª avaliación Analiza o contido das obras literarias traballadas, seguindo as pautas dadas: narrador, eu lírico, elementos do relato...
	B5.9.2.	2ª avaliación Desenvolve unha valoración persoal do texto lido, argumentando sobre algún aspecto que persoalmente lle chamara máis a atención.
	B5.10.1.	2ª avaliación Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
			traballados na aula.
	B5.11.1.	2ª avaliación	Sévese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos.
	B5.12.1.	2ª avaliación	Goza coa lectura dalgún texto literario.

Lingua estranxeira: inglés

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
Bloque 1	B1.1.1	1ª e 2ª avaliación	A miúdo aplica algunhas estratexias de escoita activa para a comprensión global das mensaxes recibidas, sen necesidade de entender todos os elementos das mesmas.
	B1.2.1	1ª e 2ª avaliación	A miúdo capta os puntos principais e detalles relevantes de mensaxes breves articulados de xeito lento e claro sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.
	B1.2.2	1ª e 2ª avaliación	As veces entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás sinxelas e estruturadas.
	B1.2.3	1ª e 2ª avaliación	A miúdo comprende, nunha conversación informal, narracións sobre asuntos prácticos da vida diaria, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o dito.
	B1.2.4	1ª e 2ª avaliación	Case sempre comprende as ideas principais de presentacións (en formato papel ou dixital) sinxelos e ben estruturados sobre temas familiares a condición de que contén con imaxes e ilustracións e se fale de xeito lento e claro.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
	B1.3.1	1ª e 2ª avaliación	Na propia lingua, a miúdo identifica aspectos socioculturais básicos dalgúns dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.
	B1.4.1	1ª e 2ª avaliación	A miúdo identifica un repertorio limitado dos patróns discursivos básicos para entender as mensaxes orais directas ou recibidas mediante formato electrónico.
	B1.5.1	1ª e 2ª avaliación	As veces reconece algunhas das estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.
	B1.6.1	1ª e 2ª avaliación	Reconece un vocabulario oral básico para comprender algúns textos sinxelos
	B1.7.1	1ª e 2ª avaliación	Identifica algúns patróns de entoación moi básicos e evidentes que axudan a entender o sentido xeral da mensaxe.
Bloque 2	B2.1.1	1ª e 2ª avaliación	Ás veces emprega estratexias de comunicación básicas para producir textos orais breves e para participar en conversas, empregando estratexias de compensación para suplir as carencias na lingua estranxeira.
	B2.2.1	1ª e 2ª avaliación	Realiza presentacións e breves e sinxelas, de acordo cun guión sinxelo e con apoio visual (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns usando estruturas sinxelas e básicas.
	B2.2.2	1ª e 2ª avaliación	Desenvólvese con algunhas expresións básicas en transaccións cotiáns sinxelas, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).
	B2.2.3	1ª e 2ª avaliación	Participa en conversacións informais cara a

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
		cara, nas que establece contacto social e intercambia información.
B2.3.1	1ª e 2ª avaliación	Na propia lingua, a miúdo identifica aspectos socioculturais básicos dalgúns dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.
B2.4.1	1ª e 2ª avaliación	Emprega a miúdo un repertorio limitado dos patróns discursivos máis frecuentes para o propósito comunicativo.
B2.5.1	1ª e 2ª avaliación	As veces comunica con eficacia, empregando estruturas morfosintácticas básicas e de escasa complexidade para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
B2.6.1	1ª e 2ª avaliación	Emprega a miúdo un vocabulario oral básico para producir textos sinxelos.
B2.7.1	1ª e 2ª avaliación	Case sempre exprésase con certa claridade, aínda que con clara influencia da lingua materna, usando unha entoación e pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e vacilacións frecuentes.
Bloque 3	B3.1.1	A miúdo aplica estratexias de lectura comprensiva, recoñecendo o contido global do texto, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.
	B3.2.1	Capta a miúdo a información esencial en material informativo sinxelo e breve.
	B3.2.2	Comprende xeralmente correspondencia persoal breve e sinxela, en calquera formato, na que se fala dun mesmo e se narran acontecementos presentes.
	B3.2.3	As veces entende o esencial de noticias e artigos breves en xornais e revistas, en

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
		páxinas web que traten temas adecuados ao seu nivel, que lle sexan familiares e nos que os números, os nomes, as ilustracións e os títulos compoñen grande parte da mensaxe.
B3.2.4	1ª e 2ª avaliación	A miúdo comprende o esencial de historias breves, sinxelas, ben estruturadas e adecuadas ao seu nivel a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (cómic, relatos breves ou lecturas adaptadas).
B3.3.1	1ª e 2ª avaliación	Na propia lingua, as veces identifica aspectos socioculturais básicos dalgúns dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.
B3.4.1	1ª e 2ª avaliación	Identifica a miúdo un repertorio limitado dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes escritas en calquera formato.
B3.5.1	1ª e 2ª avaliación	As veces reconece algunhas das estruturas morfosintácticas básicas asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.
B3.6.1	1ª e 2ª avaliación	Case sempre reconece un vocabulario escrito básico para comprender textos sinxelos.
B3.7.1	1ª e 2ª avaliación	As veces reconece algunhas das características e convencións propias da linguaxe escrita, discrimina o uso e significado da ortografía e a puntuación e distingue o significado e a utilidade dos símbolos de uso común.
Bloque 4	4.1.1	1ª e 2ª avaliación As veces desenvolve estratexias de composición, seguindo modelos propios de cada tipo de texto, empregando correctores

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
		ortográficos.
4.2.1	1ª e 2ª avaliación	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afeccións (p. e. para inscribirse nun ximnasio, matricularse nun obradoiro ou curso).
4.2.2	1ª e 2ª avaliación	As veces escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, chats), nos que se fan breves comentarios con situacións da vida cotiá.
4.2.3	1ª e 2ª avaliación	As veces escribe notas e mensaxes breves relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, respectando as convencións e normas de cortesía.
4.2.4	1ª e 2ª avaliación	As veces elabora textos e presentacións breves e sinxelos (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns .
4.2.5	1ª e 2ª avaliación	As veces escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social ou se fala de temas cotiáns.
4.3.1	1ª e 2ª avaliación	Na propia lingua, identifica a miúdo aspectos socioculturais básicos dalgúns dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.
4.4.1	1ª e 2ª avaliación	A miúdo emprega un repertorio limitado dos patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.
4.5.1	1ª e 2ª avaliación	A miúdo elabora textos breves e sinxelos, empregando algunhas estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas.
4.6.1	1ª e 2ª avaliación	A miúdo emprega un vocabulario escrito básico para producir textos sinxelos.
4.7.1	1ª e 2ª avaliación	A miúdo amosa interese pola boa presentación

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
		dos textos escritos e aplica, de xeito elemental e con posibilidade de erros que non impidan a comprensión, os signos de puntuación básicos, as regras ortográficas básicas, así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.

Concrecións metodolóxicas

Se entendemos por metodoloxía didáctica o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados, a concreción das metodoloxías convértese nunha peza clave da programación desta materia.

As indicacións metodolóxicas derivadas das últimas reformas educativas teñen levado ao abandono do antigo modelo lingüístico-estruturalista en favor do modelo comunicativo, para o cal a lingua convértese nun útil que posibilita a comunicación dentro dun marco plurilingüe e plural, que resulta coherente coa organización en ámbitos propia da ESA. As especiais características da educación das persoas adultas a distancia fan que esta materia presente concrecións metodolóxicas específicas.

O ensino a distancia supón a posibilidade real de que a maioría do alumnado non asista ás titorías presenciais, polo que unha planificación metodolóxica flexible e ecléctica queda fundamentalmente cinguida ao emprego da plataforma virtual. O método interrogativo deixa paso á lección comunicativa e ao método demostrativo (a partir de vídeos ou documentos), mentres a aprendizaxe por descubrimento (que esixe a aplicación práctica dos contidos estudados) vai ser guiada por medio de exercicios autoavaliáveis, especialmente no traballo da lingua estranxeira.

Tratarase de implementar unha metodoloxía sumativa, aberta, participativa e bidireccional por medio do emprego de ferramentas coma os foros da materia, se ben a estruturación das actividades terá que atender ao obxectivo básico de preparar ás e aos discentes para a superación das probas escritas programadas.

A estes condicionantes debemos engadir tamén as características da ESA. Se as materias da ESO ordinaria teñen coma finalidade última a consecución por parte do alumnado das competencias clave, coñecementos e habilidades que lle permitirán desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia ao tempo que lle capacitarán para acceder á educación postobrigatoria, a Educación Secundaria para Adultos (que xa ten carácter non obrigatorio) debe continuar este labor tendo en conta as características inherentes a unha titulación de segunda oportunidade conducente a título: esixindo o dominio dos contidos recollidos no currículo sen por iso esquecer a situación persoal do alumnado matriculado.

Materiais e recursos didácticos

Como xa introducimos en apartados anteriores da programación da materia, os materiais e recursos empregados estarán dispoñibles na plataforma virtual empregada (<http://aulavirtual.iessanclemente.net>), de xeito que esta será ferramenta indispensable para o alumnado. Nela atoparase a disposición dos estudantes un variado conxunto de materiais didácticos.

Os recursos despregados baixo a etiqueta “Apuntamento de profesorado” servirán ao alumnado para situarse na materia. Este material incluírá documentos teóricos e exercicios prácticos que de xeito habitual veñen sendo proporcionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través dunhas unidades didácticas postas a disposición do alumnado e do profesorado.

A estes materiais o equipo docente engadirá diferentes recursos, como poden ser documentos con indicacións acerca de como estudar a materia, ligazóns a diferentes recursos TIC de interese ou vídeos didácticos pensados para facilitar o estudo, como poden ser gravacións nas que se resolvan diferentes exercicios ou vídeos nos que se grava a sesión da titoría presencial para que todas as persoas matriculadas poidan “asistir”, polo menos de forma telemática.

Outro recurso a disposición do alumnado serán os foros. Todos os alumnos/as poderán crear un foro dentro do espazo asignado a cada avaliación para preguntar calquera dúbida, de xeito que tanto o profesorado coma os restantes alumnos/as poidan despexala. A maiores, o docente encargado de impartir a materia creará un foro específico para comentar a lectura obrigatoria de cada avaliación, fomentando deste xeito a reflexión conxunta do grupo sobre o texto ou textos escollidos.

Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Instrumentos de avaliación

- Dadas as peculiaridades das ensinanzas de ESA a distancia, as cualificacións do alumnado dependerán exclusivamente das probas realizadas.
- Realizarase unha proba escrita en cada unha das dúas avaliacións.
- O alumnado que non acade un resultado positivo na avaliación final ordinaria poderá presentarse a unha convocatoria extraordinaria de curso completo.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación relaciónanse cos estándares de aprendizaxe avaliábeis e co seu grao mínimo de consecución. Así, os criterios de avaliación da nosa materia son os seguintes:

Estudo coordinado das linguas oficiais

Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar.

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.

B1.2. Participar activamente en situacións de comunicación características das diferentes tarefas curriculares, especialmente para a organización e xestión das actividades de aprendizaxe, na busca e achega de información, na petición de aclaracións.

B1.3. Valorar a interacción como medio para ir tendo consciencia dos coñecementos e das ideas e para a regulación dos procesos de comprensión e expresión propios de todo proceso de aprendizaxe, tanto en actividades individuais como no traballo cooperativo.

B1.4. Coñecer as diferentes estratexias comunicativas que axudan ao inicio, ao desenvolvemento e á finalización das interaccións.

B1.5. Identificar e seleccionar as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita, cooperación e respecto ante as intervencións dos demais e valoración das diferentes informacións.

B1.6. Coñecer diversos medios de rexistro da información.

B1.7. Recoñecer diferentes textos segundo a intencionalidade do emisor/a.

B1.8. Coñecer e aplicar diferentes medios audiovisuais e TIC como apoio ás súas producións.

B1.9. Activar os coñecementos lingüísticos formais desenvolvidos en calquera lingua para favorecer a comprensión e produción dos textos orais noutras linguas.

B1.10. Usar correctamente os elementos paraverbais e non verbais dunha exposición oral.

B1.11. Valorar as producións orais emitidas cunha prosodia e fonética correcta, respectando as normas que rexen a interacción oral e aplicando as normas sociocomunicativas.

B1.12. Valorar positivamente a utilización das linguas galega e castelá en todos os ámbitos lingüísticos.

B1.13. Valorar as normas de cortesía e os marcadores lingüísticos das relacións sociais coma o uso e selección de formas de tratamento, convencións no emprego da palabra e estratexias de interacción.

B1.14. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.

B1.15. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir

B2.1. Comprender e interpretar textos descritivos.

B2.2. Comprender e interpretar textos xornalísticos. A reportaxe, artigos de opinión, editoriais.

B2.3. Comprender e interpretar textos dialogados.

B2.4. Crear textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva.

B2.5. Buscar palabras en dicionarios en papel ou dixitais, motores de busca da información...

B2.6. Utilizar de forma guiada a biblioteca escolar e outras bibliotecas e as TIC como fonte de información.

B2.7. Producir textos xornalísticos, a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.

B2.8. Producir textos descritivos en formato papel ou dixital.

B2.9. Producir textos dialogados en formato papel ou dixital.

B2.10. Elaborar un cómic.

B2.11 Usar, con progresiva autonomía, as TIC para planificar, revisar e mellorar o texto.

B2.12. Presentar os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfica ou tipográfica.

B2.13 Valorar a escrita como fonte de coñecemento académico e experiencial.

B2.14 Recoñecer a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito.

B2.15 Valorar a actitude positiva ante a produción escrita nas linguas galega e castelá.

B2.16. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de mellora.

Bloque 3: Funcionamento da lingua

B3.1. Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita.

B3.2. Coñecer as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.

B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas.

B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.

B3.6. Usar, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.

B3.7. Recoñecer, explicar e usar con corrección as categorías gramaticais seguintes: pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción.

B3.8. Comprender e utilizar estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.

B3.9. Coñecer expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos do entorno inmediato, situacións e actividades cotiás e necesidades básicas.

B3.10. Recoñecer e usar correctamente as relacións de sinonimia, polisemia e antonimia.

B3.11. Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos.

B3.12. Recoñecer que cada lingua ten o seu propio funcionamento e ao mesmo tempo ten algunhas coincidencias coas linguas romances.

B3.13. Recoñecer, usar e explicar os nexos e conectores textuais (espaciais, temporais, de oposición e de contraste) e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais coma léxicos.

B3.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de mellora.

Bloque 4: Lingua e sociedade

B4.1. Coñecer a realidade plurilingüe de España, a distribución xeográfica das súas linguas e dos dialectos, as súas orixes históricas e algúns dos seus trazos diferenciais.

B4.2. Describir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.

B4.3. Coñecer e valorar as variedades da lingua castelá na Península Ibérica.

B4.4. Coñecer a situación da lingua castelá en Sudamérica.

B4.5. Valorar a lingua como o grande medio de comprensión e participación da/na historia colectiva e individual.

Bloque 5: Educación literaria

B5.1. Ler con regularidade obras literarias.

B5.2. Valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.

B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.

B5.5. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.

B5.6. Ver e analizar outras linguaxes estéticas: o cine.

B5.7. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

B5.8. Analizar textos literarios, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

B5.9. Producir, previa planificación, valoracións persoais sobre as obras traballadas na aula.

B5.10. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

B5.11. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

B5.12. Valorar a lectura como fonte de pracer.

Lingua estranxeira: inglés

Bloque 1: Comprensión oral

B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita coa axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.

B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais moi breves e sinxelos, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro informal e estándar, e que versen sobre asuntos habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, se poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación e se conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.

B1.3. Incorporar á comprensión do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.

B1.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información ou unha orde) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche da conversa, ou os puntos dunha narración esquemática).

B1.5. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral.

B1.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a asuntos cotiáns e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias, estudos e ocupacións.

B1.7. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos de uso común, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

Bloque 2: Expresión oral

B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis axeitadas para producir monólogos ou diálogos breves e de estrutura simple e clara, empregando, entre outros, fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua, ou o uso de elementos léxicos aproximados se non se dispón doutros máis precisos.

B2.2. Producir textos monolóxicos breves e comprensibles sobre temas cotiáns ou do seu interese e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira e relacionarse de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, tanto en conversacións cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e se intercambia información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, e se xustifican brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita a mensaxe.

B2.3. Incorporar á produción do texto oral monolóxico ou dialóxico os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, respectando as convencións comunicativas máis elementais e identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.

B2.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, empregando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e dos patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto de xeito sinxelo.

B2.5. Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas básicas de uso habitual, aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático, p.e., nos tempos verbais ou na concordancia.

B2.6. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral suficiente para comunicar información en situacións cotiás e habituais.

B2.7. Pronunciar e entoar de xeito intelixible, pero con evidente influencia da primeira lingua, aínda que se cometan erros de pronunciación sempre que non interrompan a comunicación, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

Bloque 3: Comprensión escrita

B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto e polo apoio visual, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

B3.2. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos en lingua estándar ou nun rexistro informal, que traten de asuntos cotiáns ou do seu interese e de aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.

B3.3. Incorporar á comprensión do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.

B3.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como dos patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e peche do texto).

B3.5. Aplicar á comprensión do texto o coñecemento dos constituíntes e as estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita, así como os seus significados asociados.

B3.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias, estudos e ocupacións.

B3.7. Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. e., &, €, @, £), e os seus significados asociados.

Bloque 4: Expresión escrita

4.1. Coñecer e aplicar as estratexias básicas adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo unha idea principal en cada parágrafo, etc.).

4.2. Elaborar, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, nun rexistro informal e estándar.

4.3. Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos dos países onde se fala a lingua estranxeira adquiridos (p. e. as convencións sobre o inicio e o peche dunha carta a persoas coñecidas), identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.

4.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, empregando un repertorio limitado dos seus expoñentes e dos patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto de xeito sinxelo.

4.5. Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual.

4.6. Coñecer e utilizar repertorio limitado de léxico oral suficiente para comunicar información en situacións cotiás e habituais.

4.7. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se empregan regularmente ao falar pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

Criterios de cualificación e promoción do alumnado

Realizarase unha proba escrita en cada unha das dúas avaliacións. A segunda proba, realizada ao finalizar o cuadrimestre, incluírá contidos correspondentes ás dúas avaliacións e terá consideración de proba final para o alumnado que non superou a primeira. Os estudantes que superaran a primeira avaliación só terán que realizar, nesta proba final, a parte correspondente á segunda.

- As probas escritas constarán de tres partes: unha correspondente a Lingua castelá, unha correspondente a Lingua galega e unha terceira parte correspondente a Lingua estranxeira.

- En cada proba incluíranse cuestións, por valor de dous puntos, sobre as obras de lectura propostas.
- A superación de cada proba esixe obter unha cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez.
- O alumnado que obteña unha cualificación mínima de catro puntos nalguna das dúas avaliacións poderá compensar esa cualificación co resultado obtido na outra avaliación. Para superar a materia por medio desa compensación, a media aritmética das dúas avaliacións deberá ser igual ou superior a cinco puntos.
- A nota da avaliación final ordinaria será a media aritmética das cualificacións obtidas nas avaliacións parciais, expresada en números enteiros e redondeada á unidade máis próxima. No caso de equidistancia entre unidades, redondearase á superior.
- A proba correspondente á avaliación extraordinaria será de curso completo. Para superala, será necesario obter unha cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez.

Lecturas obrigatorias

1ª avaliación	2ª avaliación
LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ
Opción 1. Borges, J. L. «El milagro secreto»	Opción 1. Valle-Inclán, R. M. «Del misterio»
Opción 2. Lovecraft, H. P. «La bestia en la cueva»	Opción 2. Calvino, I. Fragmento de «Las ciudades invisibles»
LINGUA GALEGA	LINGUA CALEGA
Opción 1. Navaza, G. «Bull & Mignone» «Sobre da morte de Bieito»	Opción 1. Navaza, G. «Castelos na area»
Opción 2. Fole, A. «Antón de Cidrán» «Os lobos»	Opción 2. Sende, S. «A lingua máis difícil» «Unha muller e un home no camiño»

As obras de lectura non serán obxecto dunha proba específica, senón que nos exames de cada avaliación incluíranse preguntas, por valor de dous puntos, sobre as obras propostas.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

A análise da práctica docente, reflexión indispensable para mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe, realizarase a partir de diversos indicadores de logro.

Respecto da avaliación do proceso de ensino, teranse en conta os seguintes indicadores:

- A proposta didáctica fomenta a interacción entre o profesorado e os diferentes membros do grupo-clase, tanto a través da plataforma virtual como por medio das titorías telemáticas.
- Trabállase de forma integrada o currículo lingüístico e hai unha estreita coordinación entre os diferentes departamentos de linguas.
- Fomentase tanto a competencia lingüística oral como a competencia lingüística escrita, dentro das especiais características do ensino a distancia.
- Favorécese o desenvolvemento dun hábito lector crítico nos e nas discentes.
- As obras de lectura de cada avaliación están a disposición de todo o alumnado.
- A temporalización é flexible e permite ao alumnado conciliar a súa vida escolar coa laboral e/ou familiar.
- Os exames adecúanse aos tempos dispoñibles para a súa realización.
- As probas escritas son claras e de fácil comprensión, e non inducen a erro.
- Cada cuestión do exame ten adxudicada claramente a súa porcentaxe sobre o total.
- Tanto os contidos susceptíbeis de examinarse coma os criterios de avaliación aplicados están a disposición do alumnado con anterioridade á realización das probas escritas.

Respecto da avaliación da práctica docente, teranse en conta os seguintes indicadores:

- Desenvólvense medidas ordinarias de apoio para aqueles alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorécese a autoavaliación do alumnado, proporcionándolle guías que lle permitan percibir obxectivamente o seu grado de consecución respecto dos obxectivos da materia.
- As probas escritas axústanse aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe avaliábeis asignados á materia.
- Os criterios de avaliación e promoción son coñecidos por todo o alumnado.
- Aténdense as indicacións dos informes psicopedagóxicos emitidos polo Departamento de Orientación.
- A adaptación da programación obedece ás características detectadas no alumnado, sendo os recursos e medidas empregados adecuados ás necesidades detectadas.

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Debido ás especiais características deste centro, non se proporán actividades específicas, xa que as nosas materias non se consideran, en rigor, pendentes: os e as discentes teñen a obriga de matricularse unha vez máis nos módulos non superados.

Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Tendo en conta que estamos nun ensino a distancia onde non é obrigatoria a asistencia e no que o alumnado pódese matricular en calquera momento ao longo do curso, non está prevista a realización dunha avaliación inicial.

Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade está implícita na heteroxeneidade intrínseca do conxunto do alumnado, polo que se disporá dun correo e unha liña telefónica que permiten ao equipo docente atender os e as estudantes que así o requiran de xeito individualizado, respostando así ás necesidades de apoio educativo que se presenten. Esta atención personalizada levarase a cabo nas horas de titorías multimedia, nas que tamén se poderá atender ao alumnado de xeito presencial.

Concreción dos elementos transversais

Nesta materia entendemos que todo proceso educativo debe dirixirse, alén de á cognición e á intelctualidade, ao compoñente afectivo, interpersonal e social. Por iso consideramos que tanto os contidos transversais dos textos, como outros materiais didácticos empregados e compartidos na aula virtual, deben prestar atención a eidos relevantes dentro da vida humana como poden ser a dignidade dos seres humanos e a tolerancia, o voluntariado, o consumo responsable ou o respecto ao medio ambiente. Todo iso, sen esquecer que a literatura debe ir asociada á valoración positiva da diversidade cultural e ao respecto ás tradicións como patrimonio da Humanidade.

No caso concreto deste segundo módulo do ámbito de comunicación, os materias presentados para traballar contribuirán (pola propia natureza da materia) ao desenvolvemento da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

A estas engadiranse outras actividades (por exemplo na unidade 7) que promoverán accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas. Outras actividades, pola súa banda, contribuirán ao desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social ou ao afianzamento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico (por exemplo, nas unidades 5 e 6).

Actividades complementarias e extraescolares

Tendo en conta que estamos ante un ensino a distancia onde non é obrigatoria a asistencia e no que o único requisito é a realización dos diferentes exames, non está prevista a realización de actividades complementarias, alén da participación nos foros e actividades propostas na aula virtual da materia.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

B3.3. Aplicar progresivamente os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.

B3.4. Recoñecer os trazos propios das tipoloxías textuais identificando a súa estrutura e os trazos lingüísticos máis importantes en relación coa intención comunicativa.

B3.5. Aplicar os coñecementos adquiridos para a elaboración de discursos orais ou escritos con adecuada coherencia e cohesión.

B3.6. Coñecer e manexar fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e avanzar na aprendizaxe autónoma.

B3.7. Coñecer a orixe e a evolución das linguas de España e as súas principais variedades dialectais, recoñecendo e explicando os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas, e valorando a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural do noso país.

B3.8. Recoñecer os usos sociais e funcionais da lingua, amosando interese por ampliar o seu propio repertorio verbal e evitar os prexuízos e estereotipos lingüísticos.

B3.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares

como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.10. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

No bloque 4 [Comunicación escrita: ler e escribir]

B4.1. Realizar o estudo das obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX a través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas.

B4.2. Ler e analizar fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao século XIX, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas.

B4.3. Interpretar criticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.

B4.4. Planificar e elaborar textos de intención literaria, traballos de investigación escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores/as da literatura desde a Idade Media ata o século XIX, obtendo a información de fontes diversas e achegando un xuízo crítico persoal e argumentado con rigor.

Criterios de avaliación, cualificación e promoción

- Dadas as peculiaridades da ensinanza de bacharelato a distancia, a avaliación realizarase basándose exclusivamente na probas escritas —exames— que realice o alumnado.
- Aínda que a realización dos exercicios propostos na aula virtual constitúe un apoio importante para a consolidación de coñecementos, as cualificacións dependerán unicamente dos exames realizados.
- As obras de lectura non serán obxecto dunha proba específica, senón que no exame de cada avaliación incluíranse preguntas, por valor de dous puntos, sobre as obras propostas.

AVALIACIÓNS PARCIAIS

- Farase unha proba escrita ao finalizar cada unha das tres avaliacións. A superación da proba esixe obter una cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez.

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

- A superación da materia poderá lograrse por tres vías:
 - ➔ Obtención dunha cualificación mínima de cinco puntos en cada unha das avaliacións do curso.
 - ➔ Obtención de quince puntos na suma das tres avaliacións, sempre que se cumplan dous requisitos:
 - Ter como máximo unha avaliación non superada.
 - A cualificación da avaliación non superada non debe ser inferior a catro puntos.
 - ➔ Obtención dunha cualificación mínima de cinco puntos no exame final que se celebrará no mes de xuño. Nesta proba cada estudante examínase da avaliación ou avaliacións non superadas ao longo del curso.
- A nota da avaliación final ordinaria exprésase en números enteiros e redondeada á unidade máis próxima. En caso de equidistancia entre unidades redondearase á superior.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- A proba correspondente á avaliación extraordinaria será de curso completo. Para superala será necesario obter una cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez.

Nas probas escritas poderán descontarse hasta dous puntos por erros expresivos:

- Hasta 1 punto por erros na redacción: faltas de coherencia, textos mal cohesionados ou mal organizados.
- Hasta 1 punto por erros lingüísticos: ortográficos, gramaticais ou léxicos.

Lecturas obrigatorias

Obras de lectura	
1ª avaliación	<i>Coplas a la muerte de su padre</i> , de Jorge Manrique
2ª avaliación	<i>Fuenteovejuna</i> , de Lope de Vega
3ª avaliación	<i>Tristana</i> , de Benito Pérez Galdós

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

A análise da práctica docente, reflexión indispensable para mellorar o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe realizarase a partir de diversos indicadores de logro.

Respecto da avaliación do proceso do ensino, teranse en conta os seguintes indicadores:

- A proposta didáctica fomenta a interacción entre o profesorado e os diferentes membros do grupo-clase, tanto través da plataforma virtual como por medio das titorías telemáticas.
- Trabállase de forma integrada o currículo lingüístico e hai unha estreita coordinación entre os diferentes departamentos de linguas.
- Foméntase tanto a competencia lingüística oral como a competencia lingüística escrita, dentro das especiais características do ensino a distancia.
- Favorécese o desenvolvemento dun hábito lector crítico nos e nas discentes.
- As obras de lectura de cada avaliación están a disposición de todo o alumnado.
- A temporalización é flexible e permite ao alumnado conciliar a súa vida escolar coa laboral e/ou familiar.
- Os exames adecúanse aos tempos dispoñibles para a súa realización.
- As probas escritas son claras e de fácil comprensión, e non inducen a erro.
- Cada cuestión do exame ten adxudicada claramente a súa porcentaxe sobre o total.
- Tanto os contidos susceptibles de examinarse coma os criterios de avaliación aplicados están a disposición do alumnado con anterioridade á realización das probas escritas.

Respecto da avaliación da práctica docente, teranse en conta os seguintes indicadores:

- Desenvólvense medidas ordinarias de apoio para aqueles e aquelas discentes con necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorécese a autoavaliación do alumnado, proporcionándolle guías que lle permitan percibir obxectivamente o seu grado de consecución respecto dos obxectivos da materia.
- As probas escritas axústanse aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe avaliáveis asignados á materia.
- Os criterios de avaliación e promoción son coñecidos por todo o alumnado.
- Aténdese as indicacións dos informes psicopedagóxicos emitidos polo Departamento de Orientación.
- A adaptación da programación obedece ás características detectadas no grupo, sendo os recursos e medidas empregados adecuados ás necesidades detectadas.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

O alumnado de 2º de bacharelato que non teña aprobada a materia poderá realizar un exame de pendentes no mes de abril. Debido ás especiais características deste centro, non se propoñerán actividades a maiores, xa que as nosas materias en si non se consideran pendentes (os e as discentes teñen a obriga de matricularse unha vez máis na materia).

Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios na materia

Como se indicou en anteriores apartados, e debido ás características do ensino a distancia, o único procedemento contemplado para acreditar os coñecementos necesarios na materia de Lingua Castelá e literatura I de 1º de bacharelato é a realización das diferentes probas escritas.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Tendo en conta que nos atopamos nun ensino a distancia onde o único requisito obrigatorio é a realización dos diferentes exames (non sendo obrigatoria a asistencia, e debendo ter as mesmas oportunidades tódolos e tódalas discentes) non se contemplará a realización dunha avaliación inicial.

Medidas de atención á diversidade

En primeiro lugar cómpre ter en conta que a atención á diversidade está implícita na heteroxeneidade intrínseca do conxunto do alumnado, polo que se disporá dun correo e unha liña telefónica que permiten ao equipo docente atender aos e ás estudantes que así o requiran de xeito individualizado, respondendo desta forma ás necesidades de apoio educativo que se presenten. Esta atención personalizada levarase a cabo por medio das horas de titorías multimedia, nas que tamén se poderá atender aos membros do grupo-clase de modo presencial.

Concreción dos elementos transversais

Nesta materia entendemos que todo proceso educativo debe dirixirse, alén de á cognición e á intelectualidade, ao compoñente afectivo, interpersonal e social. Por iso consideramos que tanto os contidos transversais dos textos, como outros materiais didácticos empregados e compartidos na aula virtual, deben prestar atención a eidos relevantes dentro da vida humana como poden ser a dignidade dos seres humanos e a tolerancia, o voluntariado, o consumo responsable ou o respecto ao medioambiente. Todo iso, sen esquecer que a literatura debe ir asociada, asemade, á valoración positiva da diversidade cultural e o respecto ás tradicións como patrimonio da Humanidade.

No caso concreto deste primeiro curso de bacharelato, os materias presentados para traballar contribuirán (pola propia natureza da materia) ao desenvolvemento da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

A estas engadiranse outras actividades, por exemplo no tema 10, que promoverán accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas. Outras actividades contribuirán ao desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social ou ao afianzamento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico (por

exemplo, nos temas 2, 6 e 10). Deste xeito, os distintos contidos transversais vanse abordando ao longo do curso.

Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento

Tendo en conta que estamos ante un ensino a distancia onde non é obrigatoria a asistencia e no que o único requisito é a realización dos diferentes exames, non está prevista a realización de actividades complementarias, alén da participación nos foros e actividades propostas na aula virtual da materia.

Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Tradicionalmente ténselle dado importancia á avaliación cualificadora. Porén, dentro do proceso de ensino/aprendizaxe planificado nesta programación contemplárase a avaliación formativa, mediante a cal preténdese controlar e mellorar todo o proceso nas súas diferentes fases. A primeira corresponderíase coa comprobación da planificación contemplada, tendo en conta os elementos prescritos no currículo; a segunda co seguimento e a posible adaptación de certos aspectos en función da súa aplicación tanto na plataforma virtual coma nas titorías presenciais. Unha vez rematada a aplicación da presente programación no vixente curso académico, avaliarase o funcionamento da súa posta en práctica e, tendo en conta os resultados tirados desta análise, recolleranse no documento da Memoria final de curso as propostas de mellora que se estimen pertinentes.

LITERATURA UNIVERSAL

1º DE BACHARELATO

Introdución e contextualización

A presente programación pretende ofrecer unha proposta didáctica para a materia de Literatura Universal de primeiro de bacharelato tendo en conta as especiais características derivadas tanto da educación das persoas adultas coma da modalidade a distancia.

Contexto educativo

Se a educación das persoas adultas ten a consideración de ensinanza de segunda oportunidade conducente a título, a modalidade a distancia esixe do alumnado o rápido desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, xa que o material vaise incorporando á plataforma dixital (<http://aulavirtual.iessanclemente.net/aulavirtual.aspx>) de xeito paulatino co obxectivo de que se vaian traballando os contidos propostos segundo a temporalización establecida.

Este tipo de ensino non presencial (que supera os límites espaciais e temporais que constrinxen ás ensinanzas da modalidade presencial ordinaria) complementábase coas titorías presenciais e multimedia, as cales pretenden servir de apoio constante ao alumnado ao longo de todo o curso, de xeito que, axudado polo profesorado titor, poida acadar con éxito unha avaliación positiva.

Marco lexislativo

O currículo recóllese a nivel estatal no **Real decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, e a nivel autonómico no **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa básica de obrigado cumprimento engádese outra que a complementa: a **Orde ECD/65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato; a **Orde do 26 de abril de 2007** pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia e a **Circular 5/2019** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das ensinanzas de

bacharelato para as persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos IES e centros EPA autorizados para impartilas no curso 2019/20.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Estándares de aprendizaxe avaliábeis que forman parte dos perfís competenciais.

As competencias clave establecidas polo Decreto 86/2105, do 25 de xuño, serven de marco de referencia para unha aprendizaxe activa e significativa ao longo de toda a vida das e dos discentes. Segundo o disposto nas normas citadas máis arriba, procederáse a concretar a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia, conformando os seus perfís competenciais, xa que a presente programación didáctica pretende contribuír ao desenvolvemento de todas e cada unha das competencias clave establecidas polo currículo. Nese senso entendemos o “saber facer” que se define no modelo competencial establecido pola Unión Europea:

- Comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais y cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Estas competencias relaciónanse cos estándares de aprendizaxe avaliábeis e, a partir destes, cos obxectivos xerais de etapa, os contidos, os criterios de avaliación, a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación.

En calquera caso, cómpre anotar que a nosa materia, debido ás súas características e á meta última de desenvolver unha competencia en **conciencia e expresións culturais**, ten esta competencia como prioritaria, xa que o coñecemento desta parte fundamental do patrimonio cultural da humanidade, na que se levan depositado a imaxinación, os sentimentos e os pensamentos de distintas culturas ao longo da historia, conduce os e as estudantes a afondar na comprensión da propia identidade, tanto individual como colectiva, así como a valorar de xeito crítico a realidade do mundo contemporáneo

A lectura de textos afonda no uso instrumental e funcional da **competencia en comunicación lingüística**. O estudo intrínseco da lingua asociado á análise dos diferentes planos lingüísticos (como o fonético-fonolóxico, morfosintáctico ou léxico-semántico), realizado a partir do comentario de textos, afondará no traballo da vertente instrumental e funcional do ámbito comunicativo, ao tempo que se constrúe de xeito compartido o sentido das obras e a explicación das convencións literarias empregadas. Así, privilexiamos a lectura, a interpretación, a análise e a valoración dos textos literarios, pedras angulares da materia.

Precisamente neses últimos ámbitos da construción de coñecementos, así como no desenvolvemento das capacidades para seleccionar e procesar a información presente na aula virtual e realizar os traballos correspondentes, estarase a desenvolver a **competencia de aprender a aprender**. Tamén se inclúe isto como desenvolvemento dunha competencia metalingüística e metacognitiva, incidindo na necesaria capacidade para aprender a comprender e valorar os textos literarios.

Todos os elementos citados contribúen tamén á competencia relacionada co **sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, aprendendo a resolver problemas e a trazar novos plans con decisións importantes e transferibles a outros ámbitos.

Por outra banda, dadas as especiais características do noso centro, a competencia relativa ao **tratamento da información e a competencia dixital**, así como a **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** trabállanse acotío, ao ter que empregar a aula virtual como ferramenta imprescindible no marco dun ensino a distancia e ser capaces de procesar toda a información presente nela empregando medios e formatos diversos.

Asemade, as **competencias sociais e cívicas** trataranse mediante esa plataforma no uso de recursos diversos e con contidos transversais en textos e outros materiais que garantan o desenvolvemento desa necesaria competencia. Do mesmo xeito, nas aulas presenciais isto terá unha repercusión especial.

Nos mesmos textos e demais materiais asociados a eles, como os múltiples temas musicais ou pezas teatrais vinculadas á expresión literaria, a competencia relativa á **conciencia e expresións culturais** vólvese unha vez máis imprescindible, como se verá ao longo da nosa programación.

Competencia en comunicación lingüística [CCL]

Posto que a fin última desta competencia é que os estudantes produzan e comprendan, en calquera situación comunicativa, todo tipo de mensaxes (orais e escritas), todos os

coñecementos, capacidades e actitudes relacionados con ela terán especial relevancia nesta materia.

Os estándares relacionados van ser:

No bloque 1 [Procesos e estratexias]:

LUB1.2.1. Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e relaciónas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión.

LUB1.2.2. Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, as similitudes e as diferenzas entre diferentes linguaxes expresivas.

LUB1.3.1. Comenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de determinados temas e formas creados pola literatura.

LUB1.4.1. Compara textos literarios da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época, e reconece as influencias mutuas e o mantemento de determinados temas e formas.

No bloque 2 [Os grandes períodos e movementos da literatura universal]

LUB2.1.1. Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.

LUB2.3.1. Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.

LUB2.3.2. Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establecendo relacións entre a literatura e o resto das artes.

LUB2.3.3. Valora oralmente ou por escrito unha obra literaria, recoñecendo a lectura como unha fonte de enriquecemento da propia personalidade e como un medio para profundar na comprensión do mundo interior e da sociedade.

Competencia dixital [CD]

Unha competencia que habitualmente nas materias de literatura desenvólvese por medio da busca, recollida e procesamento da información convértese, no ensino a distancia, nunha ferramenta imprescindible para desenvolverse dentro da plataforma virtual.

Os estándares relacionados van ser:

No bloque 2 [Os grandes períodos e movementos da literatura universal]

LUB2.2.1. Realiza traballos críticos sobre unha obra lida na súa integridade, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura, e consultando fontes de información diversas.

LUB2.3.1. Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.

Aprender a aprender [CAA]

Semellante á anterior, a importancia desta competencia aumenta no ensino a distancia, no que é imprescindible unha boa organización do tempo de estudo por parte dos e das discentes. Unha competencia que habitualmente se traballa de xeito presencial (por medio da organización do traballo na aula) neste caso resulta imprescindible para estruturar as competencias, contidos, habilidades e actitudes que se espera que o alumnado acade nesta materia. Para axudar neste percorrido, a plataforma proporciona aos e ás discentes unha axenda na que se organizan os obxectivos temporalmente ao longo da quincena, de xeito que aquelas persoas que teñan máis problemas á hora de organizarse contén cunha guía detallada á súa disposición.

Os estándares relacionados van ser:

No bloque 1 [Procesos e estratexias]:

LUB1.1.2. Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario.

No bloque 2 [Os grandes períodos e movementos da literatura universal]

LUB2.3.3. Valora oralmente ou por escrito unha obra literaria, recoñecendo a lectura como unha fonte de enriquecemento da propia personalidade e como un medio para profundar na comprensión do mundo interior e da sociedade.

Competencias sociais e cívicas [CSC]

A reflexión sobre o carácter social da comunicación axuda ao desenvolvemento destas competencias. A interacción entre o alumnado e o profesorado (tanto a través da plataforma como nas titorías presenciais ou multimedia) insírese neste marco social e cívico, motivo polo que os diferentes estándares que se relacionan con estas competencias van ser:

No bloque 1 [Procesos e estratexias]:

LUB1.1.1. Le fragmentos significativos ou textos completos de obras da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal.

LUB1.1.2. Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario.

LUB1.2.1. Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e relaciónaas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión.

LUB1.3.1. Comenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de determinados temas e formas creados pola literatura.

LUB1.3.2. Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.

LUB1.4.1. Compara textos literarios da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época, e recoñece as influencias mutuas e o mantemento de determinados temas e formas.

No bloque 2 [Os grandes períodos e movementos da literatura universal]

LUB2.1.1. Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.

Conciencia e expresións culturais [CCEC]

O desenvolvemento da conciencia e expresións culturais adquirese facilmente nas materias nas que se estuda a literatura. Tanto o feito literario coma a súa vertente lingüística son actividades expresivas que se desenvolven en comunidade, motivo polo que a reflexión constante arredor destes fenómenos favorece a adquisición dunha conciencia cultural que, en última instancia, reflíctese na propia expresión.

Os estándares relacionados van ser:

No bloque 1 [Procesos e estratexias]:

LUB1.1.1. Le fragmentos significativos ou textos completos de obras da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal.

LUB1.1.2. Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario.

LUB1.2.2. Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, as similitudes e as diferenzas entre diferentes linguaxes expresivas.

LUB1.3.2. Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.

No bloque 2 [Os grandes períodos e movementos da literatura universal]

LUB2.2.1. Realiza traballos críticos sobre unha obra lida na súa integridade, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura, e consultando fontes de información diversas.

LUB2.3.2. Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establecendo relacións entre a literatura e o resto das artes.

Concreción dos obxectivos para o curso

Obxectivos xerais da etapa de bacharelato

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o

respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Obxectivos concretos da materia de Literatura Universal

Os obxectivos de etapa recollidos no decreto de currículo (Decreto 86/2015, do 25 de xuño) son a necesaria concreción das competencias clave á hora de establecer o itinerario de traballo. Porén, é necesaria a elaboración duns obxectivos específicos para o curso que permitan aplicar os criterios de avaliación e comprobar o seu logro progresivo grazas ás indicacións dos estándares de aprendizaxe avaliábeis.

De aí que se establezan os seguintes obxectivos de curso coa finalidade de acadar unha competencia lectora e literaria adecuada:

- Coñecer os xéneros, obras e autores máis salientables dos grandes períodos e movementos da literatura universal.
- Relacionar os autores e as obras máis significativas con cadanseu xénero literario.
- Coñecer os aspectos fundamentais da evolución histórica da literatura universal.
- Coñecer os principais feitos e ideas fundamentais que caracterizan cada un dos períodos estudados.
- Interpretar fragmentos significativos de obras das distintas épocas en relación co seu contexto de produción.
- Recoñecer os motivos, temas e tópicos máis destacables da literatura universal.
- Comparar temas e motivos entre as distintas literaturas e percibir a presenza dos mesmos noutras épocas históricas.

- Recoñecer os marcos socioculturais en que se xeran as obras e a importancia das visións dominantes na súa construción.
- Valorar a importancia dos diferentes textos na formación da tradición literaria occidental.
- Recoñecer a influencia desas literaturas na posteridade, especialmente na creación de tópicos e motivos na literatura occidental.
- Observar as relacións existentes entre as obras das épocas estudadas e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.

Concrecións para os estándares de aprendizaxe avaliáveis de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

O currículo define os estándares de aprendizaxe como «especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina». Por este motivo resulta de vital importancia clarificar a súa distribución temporal, o seu grao mínimo de consecución e o procedemento e instrumentos de avaliación contemplados para a súa correcta medición, de cara a graduar o rendemento e logro alcanzados.

Temporalización, procedementos e instrumentos de avaliación

Debido ás especiais características das ensinanzas impartidas no bacharelato a distancia para adultos os procedementos e instrumentos de avaliación da materia redúcense forzosamente ás diferentes probas escritas contempladas no apartado da avaliación. Os estándares de aprendizaxe avaliáveis na materia de Literatura Universal, pola súa banda, presentan unha certa dificultade á hora de estruturarse por avaliacións ao tratarse de estándares avaliáveis ao longo do curso académico, como facilmente se pode comprobar ao reparar na distribución temporal dos contidos:

1ª avaliación

Quincena 01: As literaturas antigas

- Xéneros, obras e autores significativos nas primeiras civilizacións (Exipto, Mesopotamia, India, China)
- A Biblia e a súa relevancia literaria

- Marcos socioculturais nos que se xeran as obras e importancia das visións mítica e relixiosa na súa construción.

Quincena 02: A literatura en Grecia e Roma

- A contribución á tradición literaria (títulos, xéneros, contidos, clasificación, temas, tópicos) da literatura grega e romana da etapa clásica.
- Xéneros, autores e obras máis relevantes desta etapa.

Quincena 03: A literatura da Idade Media

- Panorama xeral da literatura medieval. A construción das literaturas en linguas xermánicas e romances.
- Xéneros, autores e obras máis significativas da Idade Media.

Quincena 04: A literatura renacentista

- Os cambios do mundo e a nova visión do home durante o Renacemento.
- A lírica do amor: o petrarquismo. Orixe: a poesía trovadoresca e o *Dolce Stil Nuovo*. A innovación do *Cancioneiro* de Petrarca.
- A narración en prosa: Boccaccio.

2ª Avaliación

Quincena 05: A literatura barroca.

- Xéneros, autores e obras literarias máis representativos da literatura do século XVII.
- A relación entre literatura, contexto histórico e mentalidade barroca a través dos textos e os seus temas fundamentais.

Quincena 06: O teatro clásico europeo.

- Teatro clásico europeo. O teatro isabelino en Inglaterra.
- Comezo do mito de Fausto dentro de la literatura.
- Observación das relacións existentes entre as obras de teatro clásicas e as obras de diferentes xéneros musicais e cinematográficos que xurdiron a partir delas.

Quincena 07: O Século das Luces

- O desenvolvemento do espírito crítico: a Ilustración. A Enciclopedia. A prosa ilustrada.

- A novela europea no século XVIII. Os herdeiros de Cervantes e da picaresca española na literatura inglesa.

Quincena 08: O movemento romántico

- A revolución romántica: conciencia histórica e novo sentido da ciencia.
- O Romanticismo e a súa conciencia de movemento literario. Precusores: Goethe.
- A poesía romántica e a novela histórica.
- Observación das relacións existentes entre as obras literarias do romanticismo e as obras de diferentes xéneros musicais (sinfonías, poemas sinfónicos, *lieder*, óperas), cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.

3ª Avaliación

Quincena 09: A novela realista e naturalista.

- Da narrativa romántica ao Realismo en Europa. Literatura e sociedade. Evolución dos temas e as técnicas narrativas do Realismo. Principais novelistas europeos do século XIX.
- O nacemento da gran literatura norteamericana (1830-1890). Da experiencia vital á literatura. O renacemento do conto.

Quincena 10: Lírica e teatro na era da burguesía

- O arranque da modernidade poética: de Baudelaire ao Simbolismo.
- A renovación do teatro europeo: un novo teatro e unhas novas formas de pensamento.
- Observación das relacións existentes entre as obras literarias deste período e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.

Quincena 11: Do século XX ao XXI. Evolución do xénero narrativo

- A crise do pensamento decimonónico e a cultura de fin de século. A quebra da orde europea: a crise de 1914. As innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a súa influencia na creación literaria.
- A consolidación dunha nova forma de escribir na novela. Estudio das técnicas narrativas.
- A culminación da gran literatura americana. A xeración perdida.
- Observación das relacións existentes entre as obras desta época e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.

Quincena 12: Do século XX ao XXI. Lírica e teatro fronte á modernidade e a posmodernidade.

- As vangardas europeas. O surrealismo.
- O teatro do absurdo e do compromiso.
- Observación das relacións existentes entre as obras desta época e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.

Pódese comprobar rapidamente que esta organización dos contidos, nos que cada etapa literaria se distribúe de xeito que, en cada unha delas, se estudan os contidos máis salientables do período por medio dos mesmos procesos e estratexias, fai innecesaria a temporalización individual de cada estándar de aprendizaxe avaliable, xa que se atende a todos eles en cada unha das avaliacións da materia.

Grao mínimo de consecución para superar a materia

ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES		DE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
Bloque 1	LUB1.1.1.		Le fragmentos significativos de obras da literatura universal, identificando os elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura máis difundidos dentro da cultura universal.
	LUB1.1.2.		Recoñece en fragmentos representativos de distintas épocas as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os seus trazos máis salientables.
	LUB1.2.1.		Relaciona determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron.
	LUB1.2.2.		Establece relacións significativas entre algúns fragmentos nomeadamente representativos da literatura e as súas adaptacións a outras manifestacións artísticas.
	LUB1.3.1.		Comenta, seguindo as pautas proporcionadas, textos literarios de diferentes épocas, reflexionando sobre a evolución dos seus temas e formas.
	LUB1.3.2.		Reflexiona sobre o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.
	LUB1.4.1.		Reflexiona sobre as influencias mutuas e o mantemento de determinados temas e formas entre fragmentos significativos da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época.

ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES		DE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
Bloque 2	LUB2.1.1.		Relaciona o contido de fragmentos de textos literarios universais de distintas épocas, coñecementos adquiridos sobre temas, formas literarias, períodos e autores/as significativos/as.
	LUB2.2.1.		Relaciona un fragmento dunha obra lida na súa integridade co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura.
	LUB2.3.1.		Realiza presentacións planificadas integrando coñecementos literarios e lectura nunha estrutura clara e argumentando de xeito coherente e claro as propias opinións.
	LUB2.3.2.		Explica os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación coas máis relevantes circunstancias históricas, sociais e culturais.
	LUB2.3.3.		Valora unha obra literaria, recoñecendo habitualmente a lectura como unha fonte de enriquecemento da propia personalidade e como un medio para profundar na comprensión do mundo interior e da sociedade.

Concrecións metodolóxicas que require a materia

Se entendemos por metodoloxía didáctica o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados (como se recolle no artigo 2 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño), a concreción da metodoloxía convértese nunha peza clave da programación desta materia.

As indicacións metodolóxicas derivadas das últimas reformas educativas teñen levado ao abandono do antigo modelo lingüístico-estruturalista en favor do modelo comunicativo, para o cal a lingua convértese nun útil que posibilita a comunicación dentro dun marco plurilingüe e plural. Dentro do ámbito da literatura, este cambio de enfoque supón favorecer nos e nas discentes unha aproximación reflexiva e crítica aos diferentes textos literarios, afondando máis nas características destes que na periodicidade e cronoloxía estudada pola historia literaria (sen por iso deixar de estudar a evolución das formas e motivos recorrentes).

As especiais características da educación das persoas adultas a distancia fan que esta materia presente concrecións metodolóxicas propias fronte ao ensino ordinario, como se puido observar no apartado anterior.

O ensino a distancia supón a posibilidade real de que a maioría do alumnado non asista ás titorías presenciais, polo que unha planificación metodolóxica flexible e ecléctica queda cinguida ao emprego da plataforma virtual. O método interrogativo deixa paso á lección comunicativa e ao método demostrativo (a partir de vídeos ou documentos), mentres a aprendizaxe por descubrimento (que esixe a aplicación práctica dos contidos estudados) vai ser guiada por medio de exercicios autoavaliáveis ou para enviar ao profesorado titor.

Tratarase de implementar unha metodoloxía sumativa, aberta, participativa e bidireccional por medio do emprego de ferramentas como os foros da materia, se ben a estruturación das actividades terá que atender ao obxectivo básico de preparar ás e aos discentes para a superación das probas escritas programadas. Por este motivo os tradicionais exercicios da materia (os comentarios literarios) terán que abordarse organizadamente e polo miúdo, indicando de xeito preciso os obxectivos que persegue cada exercicio para así facilitar ao alumnado a propia avaliación dos logros obtidos.

A estes condicionantes debemos engadir tamén as características do bacharelato de adultos. Se as materias do bacharelato ordinario teñen coma finalidade última proporcionarlle ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia ao tempo que lle capacita para acceder á educación superior (como se recolle no artigo 25 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño), o bacharelato de adultos debe continuar este labor tendo en conta as características inherentes a unha titulación de segunda oportunidade conducente a título: esixindo o dominio dos contidos recollidos no currículo sen por iso esquecer a situación persoal do alumnado matriculado.

Materiais e recursos didácticos que se van utilizar

Como xa dixemos en apartados anteriores da programación, os materias e recursos empregados deberán atoparse dispoñibles na plataforma virtual empregada (<http://aulavirtual.iessanclemente.net>), de xeito que esta será ferramenta indispensable para os e as discentes. Dentro dela atoparase a disposición dos e das estudantes un conxunto variado de materiais didácticos.

Os recursos despregados baixo a etiqueta «guías» servirán ao alumnado para situarse na materia. Para iso, terán á súa disposición os obxectivos de cada unha das quincenas (catro por avaliación) a partir dos cales poderán organizarse tendo en conta a planificación proposta na axenda de cada quincena. Os contidos teóricos, recollidos nun documento PDF que aparece

por primeira vez ao inicio de cada quincena proporcionarán unha base conceptual sobre a que os diferentes cuestionarios e exercicios virán aprofundando. Dentro destes últimos, cómpre salientar os exercicios de autoavaliación e repaso (con solucionario incorporado, de xeito que o alumnado comproba de contado os erros cometidos) así como os exercicios para entregar ao profesorado titor, actividades que avaliará e corraxirá o docente encargado de impartir a materia. Ademais, entradas do tipo de vídeos educativos, resumos ou preguntas frecuentes pretende facilitar a comprensión dos puntos máis relevantes traballados ao longo da quincena.

A estes materiais, previamente cargados na aula virtual, o equipo docente engadirá diferentes recursos, como poden ser documentos con indicacións acerca de como estudar a materia, ligazóns a diferentes recursos TIC de interese (a Biblioteca Virtual Cervantes á hora de realizar as lecturas obrigatorias, por exemplo...) ou vídeos didácticos pensados para facilitar o seu estudo, ou vídeos nos que se grava a sesión da titoría presencial para que todas as persoas matriculadas poidan “asistir”, polo menos de xeito telemático.

Outro recurso a disposición do alumnado serán os foros. Todos os e as discentes poderán crear un foro dentro do espazo asignado a cada quincena para preguntar calquera dúbida, de xeito que tanto o profesorado como os restantes discentes poidan despregala. A maiores, o docente encargado de impartir a materia creará un foro específico para comentar a lectura obrigatoria de cada avaliación, fomentando deste xeito a reflexión conxunta do grupo sobre o texto escollido.

Cráterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

- Dadas as peculiaridades da ensinanza de bacharelato a distancia, a avaliación realizarase basándose exclusivamente na probas escritas —exames— que realice o alumnado.
- Aínda que a realización dos exercicios propostos na aula virtual constitúe un apoio importante para a consolidación de coñecementos, as cualificacións dependerán unicamente dos exames realizados.
- As obras de lectura non serán obxecto dunha proba específica, senón que no exame de cada avaliación inclúiranse preguntas, por valor de dous puntos, sobre as obras propostas.

AVALIACIÓNS PARCIAIS

- Farase unha proba escrita ao finalizar cada unha das tres avaliacións. A superación da proba esixe obter unha cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez.

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

- A superación da materia poderá lograrse por tres vías:
 - ➔ Obtención dunha cualificación mínima de cinco puntos en cada unha das avaliacións do curso.
 - ➔ Obtención de quince puntos na suma das tres avaliacións, sempre que se cumpran dous requisitos:
 - Ter como máximo unha avaliación non superada.
 - A cualificación da avaliación non superada non debe ser inferior a catro puntos.
 - ➔ Obtención dunha cualificación mínima de cinco puntos no exame final que se celebrará no mes de xuño. Nesta proba cada estudante examínase da avaliación ou avaliacións non superadas ao longo del curso.
- A nota da avaliación final ordinaria exprésase en números enteiros e redondeada á unidade máis próxima. En caso de equidistancia entre unidades redondearase á superior.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- A proba correspondente á avaliación extraordinaria será de curso completo. Para superala será necesario obter una cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez.

Nas probas escritas poderán descontarse hasta dous puntos por erros expresivos:

- Hasta 1 punto por erros na redacción: faltas de coherencia, textos mal cohesionados ou mal organizados.
- Hasta 1 punto por erros lingüísticos: ortográficos, gramaticais ou léxicos.

Lecturas obrigatorias	
Primeira avaliación	Shakespeare, W. <i>Hamlet</i>
Segunda avaliación	Stevenson, R. L. <i>O estraño caso do Dr. Jekyll e Mr. Hyde</i>
Terceira avaliación	Zweig, S. <i>Novela de xadrez</i>

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

A análise da práctica docente, reflexión indispensable para mellorar o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe, realizarase a partir de diversos indicadores de logro.

Respecto da avaliación do proceso do ensino, teranse en conta os seguintes indicadores:

- A proposta didáctica fomenta a interacción entre o profesorado e os diferentes membros do grupo-clase, ben a través da plataforma virtual ben por medio das titorías telemáticas.
- Trabállase de forma integrada o currículo lingüístico e hai unha estreita coordinación entre os diferentes departamentos de linguas.
- Fomentase tanto a competencia lingüística oral como a competencia lingüística escrita, dentro das especiais características do ensino a distancia.
- Favorécese o desenvolvemento dun hábito lector crítico nos e nas discentes.
- As obras de lectura de cada avaliación están a disposición de todo o alumnado.
- A temporalización é flexible, permitindo ao alumnado conciliar a súa vida escolar coa laboral e/ou familiar.
- Os exames adecúanse aos tempos dispoñibles para a súa realización.
- As probas escritas son claras e de fácil comprensión, e non inducen a erro.
- Cada cuestión do exame ten adxudicada claramente a súa porcentaxe sobre o total.
- Tanto os contidos susceptibles de examinarse como os criterios de avaliación aplicados atópanse a disposición do alumnado con anterioridade á realización das probas escritas.

Respecto da avaliación da práctica docente, teranse en conta os seguintes indicadores:

- Desenvólvense medidas ordinarias de apoio para aqueles e aquelas discentes con necesidades específicas de apoio educativo.

- Favorécese a autoavaliación do alumnado, proporcionándolle guías que lle permitan percibir obxectivamente o seu grado de consecución respecto dos obxectivos da materia.
- As probas escritas axústanse aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe avaliábeles asignados á materia.
- Os criterios de avaliación e promoción son coñecidos por todo o alumnado.
- Aténdense as indicacións dos informes psicopedagóxicos emitidos polo Departamento de Orientación.
- A adaptación da programación obedece ás características detectadas no grupo, sendo os recursos e medidas empregados adecuados ás necesidades detectadas.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

O alumnado de 2º de bacharelato que non teña aprobada a materia Literatura Universal de 1º poderá realizar un exame de pendentes no mes de abril. Debido ás especiais características deste centro, non se propoñerán actividades a maiores, xa que as materias non se consideran propiamente pendentes (os e as discentes teñen a obriga de matricularse unha vez máis na materia).

Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios na materia

Como se comentou en anteriores apartados, e debido ás características do ensino a distancia, o único procedemento establecido para acreditar os coñecementos necesarios na materia de Literatura Universal de 1º de bacharelato é a realización das diferentes probas escritas establecidas no apartado de Criterios de avaliación e cualificación.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Tendo en conta que nos atopamos nun ensino a distancia onde o único requisito obrigatorio é a realización dos diferentes exames non se contemplará a realización dunha avaliación inicial.

Medidas de atención á diversidade

En primeiro lugar cómpre ter en conta que a atención á diversidade está implícita na heteroxeneidade intrínseca do conxunto do alumnado, polo que se disporá dun correo e unha liña telefónica que permiten ao equipo docente atender aos estudantes que así o requiran de xeito individualizado. Esta atención personalizada levarase a cabo nas horas de titorías multimedia, nas que tamén se poderá atender aos estudantes de maneira presencial.

Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

Nesta materia entendemos que todo proceso educativo debe dirixirse, alén de á cognición e a intelectualidade, ao compoñente afectivo, interpersonal e social. Por iso consideramos que tanto os contidos transversais dos textos, como outros materiais didácticos empregados e compartidos na aula virtual, deben prestar atención a eidos relevantes dentro da vida humana, como poden ser a dignidade dos seres humanos, a tolerancia, a igualdade entre mulleres e homes, o consumo responsable ou o respecto ao medio ambiente. Todo iso sen esquecer que a literatura debe ir asociada á valoración positiva da diversidade cultural e ao respecto ás tradicións como patrimonio da Humanidade.

Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento

Debido ás características específicas do bacharelato non presencial, o departamento non ten prevista a realización de ningunha actividade complementaria ou extraescolar no presente curso.

Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Tradicionalmente ténselle dado importancia á avaliación cualificadora. Porén, dentro do proceso de ensino-aprendizaxe planificado nesta programación contemplárase a avaliación formativa, mediante a cal preténdese controlar e mellorar todo o devandito proceso nas súas diferentes fases. A primeira corresponderíase coa comprobación da planificación establecida, tendo en conta os elementos prescritivos presentes no currículo; a segunda co seguimento e a posible adaptación de certos aspectos en función da súa aplicación no día a día desenvolto tanto na plataforma virtual coma nas titorías presenciais. Unha vez rematada a aplicación da

presente programación, avaliarase o funcionamento da súa posta en práctica e, tendo en conta os resultados tirados desta análise, recolleranse no documento da memoria final de curso as propostas de mellora que se estimen pertinentes.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II 2º DE BACHARELATO

Introdución e contextualización

A presente programación é unha proposta didáctica para a materia Lingua castelá e literatura II de 2º de bacharelato, tendo en conta as especiais características derivadas tanto da educación das persoas adultas coma da modalidade a distancia.

Contexto educativo

Estas circunstancias -ensino de adultos e modalidade a distancia- determinan grandemente o proceso de ensino e aprendizaxe deseñado para esta materia. Se a educación das persoas adultas ten a consideración de ensinanza de segunda oportunidade conducente a título, a modalidade a distancia esixe do alumnado o rápido desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, xa que o material didáctico vaise incorporando á plataforma dixital de xeito paulatino, co obxectivo de que se vaian traballando os contidos propostos segundo a temporalización establecida.

Ás vantaxes deste tipo de ensino non presencial (que supera os límites espaciais e temporais que constrinxen as ensinanzas da modalidade presencial ordinaria) engádense as titorías presenciais e multimedia, as cales pretenden servir de apoio constante ao alumnado durante todo o curso, de xeito que, axudado polo profesorado titor, poida acadar con éxito unha avaliación positiva.

Marco legislativo

O currículo recóllese a nivel estatal no **Real decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e a nivel autonómico no **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa básica de obrigado cumprimento engádese outra que a complementa: a **Orde ECD/65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato; a **Orde do 26 de abril de 2007** pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de

Galicia e a **Circular 5/2019** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das ensinanzas de bacharelato para as persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos IES e centros EPA autorizados para impartilas no curso 2019/20.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A presente programación didáctica pretende contribuír ao desenvolvemento de todas e cada unha das competencias clave establecidas no currículo. Nese senso debe entenderse o “saber facer” que se define no modelo competencial establecido pola Unión Europea:

- Comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais y cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Todas e cada unha destas competencias van relacionadas, na táboa correspondente no cuarto apartado desta programación, cos obxectivos xerais de etapa, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e o grao mínimo de consecución.

En calquera caso, cómpre anotar que a nosa materia, debido ás súas características e á meta última de desenvolver unha **competencia en comunicación lingüística**, ten esta competencia como prioritaria. Nesa liña, ademais do estudo intrínseco da lingua asociado á análise dos diferentes planos, como o fonético-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual, tamén se traballa a vertente instrumental e funcional dese ámbito comunicativo. Así, privilexiamos o uso correcto da lingua e a lectura comprensiva de textos de carácter diverso.

Precisamente neses últimos ámbitos da construción de coñecementos, así como no desenvolvemento das capacidades para seleccionar e procesar a información presente na Aula Virtual e realizar os traballos correspondentes, estarase a desenvolver a competencia de **aprender a aprender**. Tamén se inclúe este aspecto como desenvolvemento dunha competencia metalingüística e metacognitiva, incidindo na necesaria capacidade para aprender a aprender unha lingua.

Todo o anterior contribúe tamén á competencia relacionada co **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, que permite resolver problemas e trazar novos plans con decisións importantes e transferibles a outros ámbitos.

Por outra banda, dadas as especiais características do noso centro, a competencia referente ao **tratamento da información** e a **competencia dixital**, así como as **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, ao ter que empregar a Aula Virtual como ferramenta imprescindible no marco dun ensino a distancia e ser capaces de procesar toda a información presente nela empregando medios e formatos diversos, teñen unha presenza moi relevante.

Asemade, as **competencias sociais e cívicas** trataranse mediante esa plataforma con contidos transversais en textos e outros materiais que garantan o desenvolvemento desa necesaria competencia. Do mesmo xeito, nas aulas presenciais terá unha repercusión especial.

Nos mesmos textos e demais materiais asociados a eles, como os temas musicais e pezas teatrais vinculadas á expresión literaria, a competencia relativa á **conciencia e expresións culturais** resulta imprescindible, como se verá na temporalización e nos contidos correspondentes.

Concreción dos obxectivos para o curso

Obxectivos xerais da etapa

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Obxectivos concretos da materia

- a) Comprender, analizar e comentar textos literarios
- b) Comprender, analizar e comentar textos de diversa tipoloxía tendo en conta as súas propiedades de coherencia, cohesión e adecuación.

- c) Comprender e analizar os diversos compoñentes dos diferentes niveis da lingua: fonético-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico, textual, discursivo, etc.
- d) Aplicar no proceso de aprendizaxe técnicas de estudo diversas: esquemas, resumos, comentarios, etc.
- e) Consultar fontes diversas e fiables en formatos diversos.
- f) Comprender, seleccionar e procesar información de fontes diversas.
- g) Crear textos coherentes e cohesionados respectando as normas correspondentes.
- h) Coñecer e valorar a realidade plurilingüe de España e Hispanoamérica.
- i) Coñecer os trazos dos principais períodos da literatura española do século XX.

Concreción da temporalización e do grao mínimo de consecución para superar a materia para cada estándar de aprendizaxe avaliable

Primeira avaliación

Primeira quincena

Léxico e semántica

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Compet. clave
d, e	B3.1. Análise e explicación do léxico castelán e dos procedementos de formación.	B3.1. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras en español, aplicando os coñecementos adquiridos para a mellora, a comprensión e o enriquecemento do vocabulario activo.	LCL2B3.1.1. Explica os procedementos de formación das palabras diferenciando entre raíz e afixos, e explicando o seu significado.	Diferenza entre raíz e afixos, determinando os distintos subtipos (flexivo -nº, xº, MTMA, MNP, derivativo, etc.)	CCL
			LCL2B3.1.2. Recoñece e explica a procedencia grecolatina de grande parte do léxico español e valora o seu coñecemento para a dedución do significado de palabras descoñecidas.	Recoñece a procedencia grecolatina dalgunhas palabras e deduce certos significados das palabras a partir delas.	CAA
d, e	B3.10. Observación, reflexión e explicación do significado das palabras. Denotación e connotación.	B3.3. Identificar e explicar os niveis de significado das palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito en que aparecen.	LCL2B3.3.1. Explica con propiedade o significado de palabras ou expresións, diferenciando o seu uso denotativo e connotativo, e relacionándoo coa intención comunicativa do emisor.	Explica o significado das palabras e diferencia entre o seu uso denotativo e connotativo.	CCL
			LCL2B3.3.2. Recoñece, analiza e interpreta as relacións semánticas entre as palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia	Recoñece e explica as relacións semánticas das palabras: sinonimia, antonimia,	CCL

			e homonimia) como procedemento de cohesión textual.	hiperonimia, polisemia e homonimia.	
g, h	B3.17. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LCL2B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	Utiliza os coñecementos dunha lingua para mellorar a comprensión en calquera das outras.	CAA

Segunda quincena

Categorías gramaticais

Obx .	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Compe t. clave
e	<p>B3.2.Substantivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.</p> <p>B3.3.Adxectivo. Caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.</p> <p>B3.4.Verbo: flexión verbal, perífrase verbal.</p> <p>B3.5. Pronome: tipoloxía e valores gramaticais.</p> <p>B3.6. Determinantes: tipoloxía e usos.</p> <p>B3.7. Recoñecemento das diferenzas entre pronomes e determinantes: relacións gramaticais.</p> <p>B3.8. Adverbio: Tipoloxía e valores gramaticais.</p> <p>B3.9. Preposicións, conxuncións e interxeccións. Tipoloxía e valores gramaticais.</p>	B3.2. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais, e explicar os seus usos e valores nos textos.	LCL2B3.2.1. Identifica e explica os usos e os valores das categorías gramaticais, en relación coa intención comunicativa do emisor, coa tipoloxía textual seleccionada e con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).	Identifica e explica os usos e os valores das categorías gramaticais en relación co contexto.	CCL
			LCL2B3.2.2. Selecciona o léxico e a terminoloxía adecuados en contextos comunicativos que esixen un uso formal e especializado da lingua, evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé.	Selecciona o léxico e a terminoloxía adecuados ao contexto comunicativo e ao rexistro lingüístico.	CSC
g, h	B3.17. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes	LCL2B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das	Utiliza os coñecementos dunha lingua para mellorar a comprensión en calquera das outras.	CAA

		coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.		
--	--	---	---	--	--

Terceira quincena

O texto

Obx .	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Compet . clave
d, e	B3.12. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual de textos procedentes de diferentes ámbitos.	B3.5. Aplicar os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, a autoavaliación e a mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua	LCL2B3.5.1. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes.	Emprega estruturas sintácticas variadas nos seus textos orais e escritos	CCL
			LCL2B3.5.2. Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora dos propios textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a mellora xeral dos propios textos orais e escritos	CSIE E
d, e	B3.11. Conexións lóxicas e semánticas nos textos.	B3.4. Observar, reflexionar e explicar as estruturas sintácticas dun texto, sinalando as conexións lóxicas e semánticas que se establecen entre elas.	LCL2B3.4.1. Recoñece as estruturas sintácticas e explica a relación funcional e de significado que establecen co verbo da oración principal, empregando a terminoloxía gramatical adecuada.	Recoñece as estruturas sintácticas básicas e as relacións funcionais e de significado máis importantes que establecen co verbo da cláusula.	CCL
			B3.5. Aplicar os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e a mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do	LCL2B3.5.1. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes.	Emprega nos textos orais e escritos estruturas sintácticas variadas.

		coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	LCL2B3.5.2. Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora dos propios textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	Aplica os coñecementos adquiridos sobre estruturas sintácticas dos enunciados con conciencia da súa importancia para o uso correcto da lingua.	CSIE E
d e m	B3.14. Observación, reflexión e explicación da deixé temporal, espacial e persoal.	B3.6. Aplicar os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativos, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.	LCL2B3.6.1. Recoñece, analiza e explica as características lingüísticas e os recursos expresivos de textos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa, e utilizando a análise para afonda na comprensión do texto.	Recoñece, analiza e explica as características de textos procedentes de diferentes ámbitos relacionando os usos lingüísticos coa intención comunicativa do emisor e a situación comunicativa.	CCL
			LCL 2B3.6.2. Aplica os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.	Aplica os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión e comentario de textos relacionando os usos lingüísticos e as referencias deícticas coa intención do emisor.	CSIE E
			LCL2B3.6.3. Recoñece e explica os procedementos de inclusión do	Recoñece os procedementos de inclusión do emisor e do	CCL

			emisor e do receptor no texto.	receptor no texto.	
			LCL2B3.6.4. Recoñece e explica as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais nos textos.	Recoñece as referencias deícticas nos textos.	CCL
			LCL2B3.6.5. Recoñece, explica e utiliza os procedementos de cita.	Recoñece os procedementos de cita.	CCL
			LCL2B3.6.6. Revisa textos escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando as súas incorreccións (concordancias, réxime verbal, ambigüidades sintácticas, coloquialismos, etc.), con criterios gramaticais e terminoloxía apropiada, co obxecto de mellorar a expresión escrita e avanzar na aprendizaxe autónoma.	Revisa textos escritos propios e alleos recoñecendo e explicando as súas incorreccións con criterios gramaticais.	CAA
		B3.7. Explicar a forma de organización interna dos textos expositivos e argumentativos.	LCL2B3.7.1. Recoñece, explica e utiliza en textos propios e alleos as formas de estruturar os textos expositivos e argumentativos.	Recoñece e explica en textos propios e alleos as formas e estruturar os textos expositivos e argumentativos	CCL
e	B3.13. Identificación e uso dos recursos expresivos que marcan a obxectividade e a subxectividade.	B3.7. Explicar a forma de organización interna dos textos expositivos e argumentativos.	LCL2B3.7.1. Recoñece, explica e utiliza en textos propios e alleos as formas de estruturar os textos expositivos e argumentativo	Recoñece e explica en textos propios e alleos as formas e estruturar os textos expositivos e argumentativos	CCL
b h l	B2.3. Planificación, realización, revisión e mellora de textos escritos de diferentes ámbitos sociais e educativos.	B2.2. Escribir textos expositivos e argumentativos propios do ámbito educativo con rigor, claridade e corrección, empregando argumentos adecuados e convincentes, e axustando a súa expresión á intención comunicativa e ao resto das condicións da situación comunicativa.	LCL2B2.2.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, aplicando os coñecementos gramaticais e pragmáticos, para mellorar a expresión escrita.	Desenvolve por escrito un tema do currículo con claridade e corrección ortográfica, gramatical e aplicando coñecementos pragmáticos.	CCL
			LCL2B2.2.2. Nas súas producións escritas axusta a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo,	Nas súas producións escritas axusta a súa expresión ás condicións da situación comunicativa evitando o uso	CCL

			tipo de destinatario, xénero textual, etc), empregando os recursos expresivos propios do rexistro formal e evitando o uso de coloquialismos.	de coloquialismos.	
			LCL2B2.2.3. Avalía as súas propias producións escritas e as dos/das seus/súas compañeiros/as, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas, recorrendo a obras de consulta tanto impresas como dixitais para a súa corrección, e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma.	Avalía as súas propias producións escritas, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas.	CAA
		B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural, planificando a súa realización, contrastando opinións enfrontadas, defendendo unha opinión persoal e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, avaliación e mellora.	LCL2B2.3.1. Realiza traballos educativos individuais e en grupo sobre un tema controvertido do currículo ou da actualidade social, cultural ou científica, planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, contrastando posturas enfrontadas, e organizando e defendendo unha opinión propia mediante distintos tipos de argumentos.	Realiza traballos educativos organizando e defendendo unha opinión propia mediante distintos tipos de argumentos.	CSIE E
			LCL2B2.3.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse, consultando fontes diversas, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante mediante fichas-resumo.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante.	CD
			LCL2B2.3.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos: organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	Respecta as normas de presentación de traballos escritos	CCL

b e h	B3.16. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	CL2B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA
	B3.17. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LCL2B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	Utiliza os coñecementos lingüísticos desenvoltos no curso nunha das linguas para mellorar a comprensión dos textos traballados en calquera das outras.	CAA

Cuarta quincena

Literatura española ata a guerra civil

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Compet. clave
d h i	B4.1. Estudo cronolóxico das obras máis representativas da literatura en español do século XX.	B4.1. Coñecer os aspectos temáticos e formais dos principais movementos literarios do século XX ata os nosos días, así como os autores e obras máis significativos.	LCL2B4.1.1. Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os autores e obras máis representativas.	Desenvolve por escrito as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días.	CCEC
d h i c	B4.2. Análise de fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días.	B4.2. Ler e analizar textos literarios representativos da historia da literatura do século XX ata os nosos días, identificando as características temáticas e formais, en relación co	LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario	Analiza fragmentos literarios ou de obras completas do século XX ata os nosos días adscribindoos no movemento literario ao que pertence.	CCEC

		contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas.	ao que pertence.		
			LCL2B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas, e describe a evolución de temas e formas.	Describe a evolución de temas e formas de textos de diferentes épocas.	CCEC
d h i m	B4.3. Interpretación crítica de fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.	B4.3. Interpretar de xeito crítico fragmentos ou obras da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	LCL2B4.3.1. Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativas da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	Interpreta fragmentos ou obras completas da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo neles trazos históricos, artísticos e culturais do contexto no que se insiren.	CSC
g	B4.4. Planificación e elaboración de traballos educativos escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores/as da literatura do século XX ata os nosos días.	B4.4. Desenvolver por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade e coherencia, e achegando unha visión persoal.	LCL2B4.4.1. Desenvolve por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade, coherencia e corrección, e achegando unha visión persoal.	Desenvolve por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expoñendo as ideas con rigor, claridade, coherencia e cohesión.	CCL
g	B4.4. Planificación e elaboración de traballos educativos escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores da literatura do século XX ata os nosos días.	B4.5. Elaborar un traballo de carácter educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura consultando fontes diversas, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.	LCL2B4.5.1. Le textos informativos en papel ou en formato dixital sobre un tema do currículo de literatura do século XX ata os nosos días, extraendo a información relevante para ampliar coñecementos sobre o tema.	Le e comprende textos informativos en papel ou en formato dixital sobre un tema do currículo de literatura do século XX ata os nosos días.	CAA

Segunda avaliación

Primeira e segunda quincena:

Sintaxe: oración simple, coordinación e xustaposición (1ª) + oración composta por subordinación (2ª)

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Compet. clave
d, e	B3.11. Observación,	B3.4. Observar, reflexionar e	LCL2B3.4.1. Recoñece as	Recoñece as estruturas sintácticas básicas e as	CCL

	reflexión e explicación das estruturas sintácticas simples e complexas.	explicar as estruturas sintácticas dun texto, sinalando as conexións lóxicas e semánticas que se establecen entre elas.	estruturas sintácticas e explica a relación funcional e de significado que establecen co verbo da oración principal, empregando a terminoloxía gramatical adecuada.	relacións funcionais e de significado máis importantes que establecen co verbo da cláusula.	
		B3.5. Aplicar os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e a mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	LCL2B3.5.1. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes.	Emprega nos textos orais e escritos estruturas sintácticas variadas.	CCL
			LCL2B3.5.2. Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora dos propios textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	Aplica os coñecementos adquiridos sobre estruturas sintácticas dos enunciados con conciencia da súa importancia para o uso correcto da lingua.	CSIEE
g, h	B3.17. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada	B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LCL2B3.11.1. Utiliza os coñecementos de lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	Utiliza os coñecementos dunha lingua para mellorar a comprensión en calquera das outras.	CAA

Terceira quincena

Textos do ámbito educativo

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Compet. clave
d e g h	B1.1. Comunicación oral non espontánea no ámbito educativo	B1.1. escoitar de forma activa e analizar textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e	LCL2B1.1.1. Recoñece as formas de organización do contido nunha argumentación oral, analizando os recursos verbais e non verbais empregados polo emisor e valorándoos	Recoñece as formas de organización do contido nunha argumentación, tendo en conta os elementos da situación comunicativa.	CCL

		empresarial, identificando os trazos propios do seu xénero, relacionando os aspectos formais do texto coa intención comunicativa do emisor e co resto dos factores da situación comunicativa.	en función dos elementos da situación comunicativa.		
			LCL2B1.1.2. Analiza os recursos verbais e non verbais presentes en textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os aspectos formais e expresivos coa intención do emisor, o xénero textual e o resto dos elementos da situación comunicativa.	Analiza os recursos verbais e non verbais presentes nos textos orais argumentativos e expositivos do ámbito educativo tendo en conta a intención do emisor, o xénero e os elementos da situación comunicativa.	CCL
		B1.2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos orais do ámbito educativo (conferencias e mesas redondas), diferenciando a información relevante e accesoria, e utilizando a escoita activa como un medio de adquisición de coñecementos.	LCL2B1.2.1. Sintetiza por escrito o contido de textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, discriminando a información relevante.	Sintetiza por escrito o contido de textos orais argumentativos e expositivos de diferentes ámbitos.	CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ m 	B1.3. Presentación oral: planificación, documentación, avaliación e mellora.	B1.4. Realizar unha presentación educativa oral sobre un tema controvertido, contrapondo puntos de vista enfrontados, defendendo unha opinión persoal con argumentos convincentes e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, avaliación e mellora	LCL2B1.4.1. Planifica, realiza e avalía presentacións educativas orais de forma individual ou en grupo sobre un tema polémico de carácter educativo ou da actualidade social, científica ou cultural, analizando posturas enfrontadas e defendendo unha opinión propia mediante argumentos convincentes.	Planifica e realiza presentacións educativas orais defendendo una opinión propia mediante argumentos convincentes	CCL CSC
			LCL2B1.4.2. Compila información e apoios audiovisuais ou gráficos, consultando fontes de información diversa e utilizando correctamente os procedementos de cita.	Compila información consultando información diversa e utilizando procedementos de cita.	CD
			LCL2B1.4.3. Clasifica e estrutura a información obtida, elaborando un guión	Clasifica e estrutura a información obtida.	CMCCT

			da presentación.		
